

2025

ORZAMENTOS

*Pechando un ciclo,
sentando as bases do futuro*

Aprobados polo Consello de Goberno o 27/12/2024

Aprobados polo Consello Social o 30/12/2024

ÍNDICE

I. LIÑAS XERAIS.....	3
II. BASES DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA PARA O 2025	93
III. ANEXOS	110
Anexo A. Estrutura orgánica da xestión orzamentaria	110
Anexo B. Orzamento de ingresos 2025.....	113
Anexo C. Orzamento de gastos 2025	117
Anexo D. Créditos asignados aos departamentos universitarios	130
Anexo E. Créditos asignados aos centros docentes.....	132
Anexo F. Composición das partidas do fondo de I+D+i.....	134
Anexo G. Información sobre partidas de gasto	135
Anexo H. Compensación de custos indirectos	289
Anexo I. Cadros de persoal.....	290
Anexo L. Relación de postos de traballo do PAS	293
Anexo M. Relación de postos de traballo do PDI.....	337

I. LIÑAS XERAIS

REFERENCIA NORMATIVA

Os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (*Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro; DOG núm. 29, do 12 de febreiro de 2014*) dedican o título VII, “Do réxime económico e da programación plurianual”, ao proceso de definición e desenvolvemento da execución orzamentaria da institución. De acordo co artigo 171, “*o reitor presentará perante o Claustro Universitario as liñas xerais do orzamento, xunto coas da programación plurianual ou coa súa actualización*”.

O Regulamento de xestión orzamentaria, aprobado no Consello de Goberno do 29 de decembro de 2020 e que entrou en vigor o día 10 de febreiro de 2021 ten por obxectivo garantir na medida do posible aos axentes e unidades implicadas unha xestión do orzamento máis eficiente e áxil.

O regulamento contén previsións específicas sobre a elaboración dos orzamentos no Capítulo III, que foron obxecto de modificación por acordo do Consello de Goberno do 22 de xullo de 2022, e do Consello Social celebrado o 28 de xullo, para desenvolver o contido das liñas xerais do orzamento e o procedemento de emendas, que ata ese momento, non estaba fixado. Reproducimos a continuación os artigos 13 e 14, que tratan sobre as liñas xerais e o límite de gasto non financeiro, destacando o seguinte:

Artigo 13.2. O contido das liñas xerais do orzamento virá determinado polos obxectivos institucionais da Universidade relacionados coa actividade económico-financieira no seu conxunto e pola situación e análise dos ingresos e gastos derivados dela.

Coa finalidade de establecer o obxecto e alcance dos orzamentos, as liñas xerais reflectirán:

O estado de cumprimento dos obxectivos programados nos orzamentos en curso.

As principais magnitudes do escenario económico xeral e dos condicionantes externos e internos que afecten a xestión administrativa e

orxamentaria da Universidade. En canto aos condicionantes internos, as liñas farán mención, de ser o caso, aos compromisos adquiridos e ás actuacións xa iniciadas en exercicios anteriores.

As accións estratéxicas e instrumentais para o novo exercicio, que definiran os obxectivos principais que se deberán acadar, as necesidades que haberá que atender e as políticas, do goberno e da institución, que se van executar. Estas accións poderán traducirse en proxectos, plans, programas ou actuacións concretas.

A vinculacións das liñas estratéxicas e instrumentais coa programación plurianual ou coa súa actualización.

Un resumo xeral da previsión dos estados de ingresos e de gastos dos orxamentos a nivel de capítulo, segundo a súa clasificación económica en termos numéricos, reflectindo unha previsión duns e doutros o máis axustada á realidade.

Unha comparativa das previsións de ingresos e gastos dos novos orxamentos en termos numéricos a nivel de capítulo respecto, cando menos, do exercicio inmediato anterior. Nela reflectiranse os incrementos ou diminucións en termos porcentuais.

As principais novidades que incorporan, con indicación dos ingresos e gastos máis salientables a nivel de capítulo.

Calquera outra cuestión que poida resultar determinante para a elaboración dos orxamentos ou que veña imposta pola normativa aplicable.

3. As liñas xerais do orzamento serán elaboradas pola Xerencia e presentadas polo reitor ou reitora perante o Claustro para a súa aprobación.

Poderán presentarse propostas de emenda ás liñas xerais do orzamento perante o Claustro Universitario.

A Mesa do Claustro fixará no acordo da convocatoria da sesión correspondente a forma de presentación das emendas, o prazo para a súa formulación e o número mínimo de asinantes. Correspóndelle tamén á Mesa decidir sobre a admisión, a ordenación, a distribución, o procedemento de defensa das emendas admitidas e a súa remisión aos/ás claustrais con carácter previo á realización da sesión.

As emendas ás liñas xerais poderán ser á totalidade ou parciais, e deberán ir en todo caso acompañadas da correspondente motivación.

Serán emendas á totalidade as que versen sobre a oportunidade, principios ou espírito das liñas xerais e postulen a súa devolución, ou as que propoñan un texto completo alternativo.

As emendas parciais poderán ser de aclaración, supresión, modificación ou engadido. Nos dous últimos casos, a emenda deberá conter o texto completo que se propoña.

No suposto de que as emendas presentadas supoñan un incremento substancial do gasto nalgún dos capítulos orzamentarios, deberán acompañarse da correspondente minoración co fin de garantir o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e de sustentabilidade financeira.

En canto ao desenvolvemento do debate e votación das emendas, observarase o disposto pola Mesa do Claustro e o seu regulamento de réxime interno.

4. O acordo do Claustro polo que se aproben as liñas xerais vinculará os restantes órganos da Universidade no exercicio das súas competencias

Artigo 14. Límite do gasto non financeiro.

Para cada exercicio económico o Claustro aprobará, con carácter previo á aprobación das liñas xerais do orzamento, un límite de gasto non financeiro do orzamento que se deberá axustar ao obxectivo de

estabilidade orzamentaria fixado para a Comunidade Autónoma de Galicia no período que corresponda, así como a regra de gasto, de acordo co disposto na normativa en vigor sobre disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Pola súa banda, a Resolución do 21 de abril de 2022 sobre delegación de competencias en determinados órganos universitarios (*DOG núm. 79, do 26 de abril de 2022*) atribúe ao xerente, no apartado Noveno.3, en materia económico-financeira e orzamentaria, a competencia para a elaboración do proxecto de orzamentos anual e, xa que logo, das súas liñas xerais.

No exercicio desa competencia preséntase este documento que contén as liñas xerais do exercicio orzamentario de 2025 para, de ser o caso, ser aprobado polo Claustro Universitario.

Para a súa elaboración tivéronse en conta as previsións contidas nas diversas normas de carácter estatal e autonómico, de entre as que cómpre salientar as seguintes:

- Real decreto lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público. BOE núm. 315, de 31 de decembro de 2011.
- Real decreto lei 14/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo. BOE núm. 96, do 21 de abril de 2012.
- Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. BOE núm. 103, de 30 de abril de 2012.
- Real decreto lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade. BOE núm. 168, do 14 de xullo de 2012.
- Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobada polo Decreto legislativo 1/1999, de 7 de outubro.

- Lei 2/2011, de 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Resolución do 17 de decembro de 2021, da Secretaría Xeral de Universidades, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de decembro de 2021 polo que se aproba o Plan galego de financiamento universitario 2022-2026.
- Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema universitario.

Do mesmo xeito, tamén se tiveron en conta as disposicións do Regulamento de réxime interno do Claustro e do Regulamento de réxime interno do Consello de Goberno.

De acordo con estas previsións e co fin de cumprir coa obriga legal de aprobar o orzamento da Universidade para o ano 2025 preséntanse estas liñas para sometelas á aprobación do Claustro da Universidade de Santiago de Compostela.

O PECHE DUN CICLO

O ano 2019 supuxo o inicio dun ciclo económico que chegará ao seu remate coas liñas que agora se presentan. Os orzamentos dese ano foron os primeiros formulados por este equipo de goberno e na súa diagnose fixébanse varios retos e compromisos a desenvolver no seguinte período.

Partindo desa premisa, a diferenza de anos anteriores, considérase necesaria unha reflexión máis profunda ca unha simple comparación co ano anterior, para ver a evolución económica da institución e para apuntar liñas de futuro.

Os orzamentos de 2019 iniciábanse cunha diagnose sobre a situación da Universidade despois dun período de restricións derivadas da crise económica, da contracción dos recursos procedentes do Plan Galego de Financiamento e da execución do Plan Económico-Financeiro de Reequilibrio da USC (PE-FR) aprobado en 2014 que estaba destinado a recuperar o equilibrio orzamentario.

Sobresaían as seguintes circunstancias:

a) en relación co persoal, o seu avellentamento e unha amortización de prazas imposta polo PE-FR que, combinada coas taxas de reposición 0, levaron a unha paralización das políticas de persoal tanto no seu relevo como na promoción profesional. Porén, o intento de funcionarización no ámbito do entón PAS supuxo un incremento de 400.000 euros pola equiparación de trienios entre laborais e funcionarios sen producir o aforro derivado do cambio de réxime xurídico. Por último, destacaba o aumento da conflictividade xudicial no ámbito do persoal contratado con fondos de I+D+i que levou á creación por sentenza de máis de 30 prazas.

b) en relación co gasto corrente, destacaba a contención no gasto en subministracións nos anos anteriores pero sen estar acompañada dunha política de eficiencia enerxética e coa vulnerabilidade de estar sometidos ao incremento dos prezos dos combustibles. Neste capítulo de gasto destacaba tamén a situación derivada da licitación deserta do contrato da limpeza, que supoñía un incremento de 200.000 euros nun contrato que xa era de elevada contía, chegando aos 8 millóns de euros.

c) a débeda da Universidade situábase nese momento en 26,6 millóns de euros de capital e fora renegociada nos anos anteriores cun período de carencia nos anos 2015 e 2016 que supoñía un incremento de amortización desde 2018 e nos anos seguintes, limitando as posibilidades de investimento da institución.

d) en relación co Plan Galego de Financiamento 2016-2020, ademais da expectativa de que se iniciase a negociación do seguinte período, o percorrido ata ese momento desvelaba unha realidade que afectaba singularmente á Universidade de Santiago de Compostela: a capacidade investigadora que podemos cifrar en máis do 50% da investigación pública de Galicia, non se traducía en recursos estruturais para a investigación. O modelo non tiña en conta o custo basal que xera investigar, tanto a nivel de recursos materiais como humanos.

Fronte ao anterior, os obxectivos a acadar eran os seguintes:

- O refinanciamento da débeda, para xerar oportunidades de investimento nos dous gastos máis relevantes da institución: o persoal e as infraestruturas.

- O investimento estratéxico que xerese aforro ou redución de custos no futuro: esta filosofía estaba especialmente pensada para as infraestruturas pero tamén abrangía as tecnoloxías da información e das comunicacións, con investimentos orientados a mellorar os servizos para o estudiantado e o profesorado, simplificando os procedementos e reducindo os recursos necesarios para a prestación destes servizos.

- A normalización dos capítulos I e VI relativos ao persoal mediante a negociación cos representantes do persoal dunha regulación que superase a precariedade laboral e que tivese como un dos seus fins reducir considerablemente a conflictividade xudicial. Polo que respecta ao capítulo I, aprobar unha estratexia de carreira que permitise frear o avellentamento do persoal docente e investigador e que dese resposta á promoción profesional, conxelada desde varios anos atrás. Case o mesmo diagnóstico se podía compartir para o PAS, especialmente no relativo á estabilización e promoción.

- A redución do gasto corrente en 2 millóns de euros nos seguintes catro anos.
- O incremento dos ingresos mediante a revisión de canons por unha parte, e das tarifas e prezos de servizos prestados por outro.
- A busca de alianzas con outras administracións para compartir recursos que supuxeran un aforro e racionalizasen os custos.
- A revisión dos entes instrumentais, tratando de integrar no novo Consorcio aquelas unidades para as que fose factible.
- O axuste das necesidades do servizo de bibliotecas ao novo calendario académico, asegurando espazos e horarios suficientes para o estudo en período de exames tanto no campus de Santiago de Compostela como no de Lugo.

Os obxectivos mencionados estaban pensados para un ciclo de catro anos que empezaba con ese orzamento e no que non se prevía a irrupción dunha pandemia mundial e o comezo dunha guerra ás portas de Europa que, a pesares do negativo, trouxeron consigo unha reactivación económica a través do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

Se se analizan os diferentes orzamentos aprobados desde entón, estas mesmas ideas centradas en aspectos concretos ou con distintas intensidades, son as liñas mestras que acompañaron a execución económica no período 2019-2024: as persoas, os medios necesarios e a colaboración institucional.

Polo tanto, cómpre analizar unha por unha e determinar os seus resultados máis significativos.

1. As persoas

O estudantado

Dentro da liña das persoas sempre ocupou un espazo primordial o estudantado. É o motivo de ser e de estar da Universidade, ao redor do que hai que deseñar as estratexias porque cando tratamos deste colectivo falamos do futuro da institución pero tamén do futuro da sociedade na que vivimos.

Os principais obxectivos polo que respecta ao estudantado foron os de facilitarlles o acceso aos medios necesarios, permitindo que se poidan dedicar a aprender, sen máis preocupacións, e tamén actuacións orientadas a desenvolver as inquietudes propias da súa idade.

Destacan seis liñas:

- A mellora das ferramentas, en especial as dixitais, investindo nos medios tecnolóxicos que máis lles afectan: a renovación completa do Campus Virtual, os recursos electrónicos da Biblioteca USC, a modificación do sistema de licenzas software necesarias para o desenvolvemento da docencia, e a renovación da web corporativa e da app USC. A irrupción da pandemia polo coronavirus trouxo consigo a oportunidade de dotar de máis e mellores medios as aulas renovando o equipamento informático e audiovisual do 75% das aulas nos centros docentes. Así mesmo, acometeuse a actualización da rede sen fíos, tanto no número de puntos instalados (case que 2.000) como a súas capacidades WiFi 5 e WiFi 6 (un 30%), o que se realizou en beneficio de todas a comunidade universitaria.
- Os mecanismos de axuda para que a vulnerabilidade económica non lles impida dedicarse ao estudo. En 2020, derivado da COVID-19, a USC puxo en marcha axudas económicas para a conexión dixital e para o préstamo informático e puxo en marcha unha iniciativa que xa se pode dar por consolidada: os bonos comedor, que permitiron que ata o curso 2023-2024 se beneficiasen desde a súa posta en marcha máis de 2.500 estudantes con problemas económicos entregando 204.000 menús gratuítos nos comedores e cafeterías universitarias. O éxito desta iniciativa xustifica o aumento de interese en cada convocatoria pasando de 139 solicitudes na convocatoria da pandemia a ter máis de 3.459 solicitudes no curso 2024-2025, actualmente en proceso de resolución.
- A vida cultural e deportiva do estudantado foi un eixo central nas políticas da institución durante o período 2018-2024. A dimensión social e lúdica de ser estudante universitario é un reclamo máis da Universidade que debe servir para que o estudantado se decante por vivir en Santiago ou en Lugo e, como institución, debemos deseñar estas actividades tendo en conta o público que

o conforma. Esta iniciativa levou a celebrar un primeiro gran concerto de inicio de curso académico en 2019 -con Novidades Carminha- que, por motivos evidentes, non se puido retomar ata 2022 pero que na actualidade xa se consolidou como a semana de BenVida USC, con máis de trinta actividades deportivas e culturais en cada un dos campus, así como visitas guiadas ao patrimonio histórico ou centros de divulgación. Cada ano increméntase a participación, superando o milleiro de persoas nas actividades con inscrición limitada.

Neste período tamén se puxo énfase en mellorar a actividade deportiva, tanto na súa oferta como nas instalacións nas que se desenvolve. Destacan as melloras realizadas nas diferentes pistas deportivas ao aire libre, incluíndo a homologación da pista de atletismo para a celebración de competicións oficiais, a reforma integral da Sala de Acondicionamento Físico así como melloras na piscina universitaria. Canto ao programa físico-deportivo da USC, destaca a ampla e diversa oferta desenvolvida, coa finalidade de facilitarlle á comunidade universitaria e á sociedade en xeral, a accesibilidade á actividade física e o deporte. Destaca o programa de apoio a deportistas de alto nivel que estudan na USC (DAN-USC), pasando de 27 deportistas no curso 2021/2022 a 84 neste curso 2024/2025 e no que, entre outros servizos, este estudantado conta co apoio dun titor ou titora entre o profesorado do seu centro académico para facilitarlle a conciliación da súa carreira académica e deportiva.

- Neste período tamén se centrou a atención en mellorar as residencias universitarias en dous aspectos. Por unha banda, investíronse 934.000 € no período 2018-2024, mellorando as instalacións e a súa eficiencia enerxética. Por outra, ante o crecemento da demanda de prazas, a Universidade desenvolveu un protocolo para colaborar con entidades privadas que están poñendo en marcha residencias universitarias na Cidade de Santiago de Compostela. O protocolo ten por obxecto ampliar a oferta de prazas de aloxamento para a comunidade universitaria durante o curso académico sempre que a entidade privada oferte durante o curso académico un mínimo

dun 25% de prazas cunhas condicións e custos exactamente iguais aos do Servizo Universitario de Residencias da USC.

- O reforzo da apertura extraordinaria de bibliotecas, por demanda do propio estudiantado. Agás durante a pandemia onde as restricións sanitarias supuxeron reducir a capacidade a un terzo, en 2018 ofertábanse 2.500 postos de lectura. Este número foise incrementando e axustando as necesidades de maneira escalada, tendo en conta a ocupación das bibliotecas. No próximo Nadal o número de postos ofertados superará os 3.500 nos momentos de maior demanda.
- A Unidade de Atención Psicolóxica púxose en marcha para dar resposta a unha necesidade do estudiantado que se incrementou coa pandemia por coronavirus durante o curso 2020-2021. Desde 2021 esta Unidade atendeu directamente a máis de 350 estudantes chegando ás 3.000 sesións de terapia e, noutros casos, realizou intervencións de asesoramento para acceder aos servizos máis axeitados en cada caso, como trastornos da alimentación, CIM ou Quérote+ entre outros. Neste ano ampliouse o número de horas dispoñibles pasando de prestar servizo durante 24 horas semanais a 43,75 horas semanais.

Por último, en 2022 iniciouse unha liña de reformas normativas na área de Xestión Académica que pretenden facilitar a vida académica ao estudiantado. Entre outras, acordouse o procedemento de admisión e matrícula condicionada nos estudos de mestrado universitario, modificáronse os criterios de admisión nos estudos de grao por cambio de universidade ou estudos universitarios, aprobouse o Regulamento en materia de recoñecemento e transferencia de créditos para os estudos oficiais de Grao e Máster e un novo Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos de Fin de Grao e de Fin de Máster.

O persoal de investigación

No que se refire ao persoal, por equidade, a revisión debe empezar polo persoal de investigación. Este colectivo abrangue o persoal investigador contratado con recursos de I+D+i e o persoal de apoio á investigación. Nesa diagnose de 2019

falábase da conflictividade xudicial que as condicións laborais, precarias, estaba producindo na institución. Non era unha eiva exclusiva da Universidade de Santiago pois o modelo de financiamento da investigación foi un dos principais responsables desta situación. Unido a isto, o colectivo carecía de visibilidade e recoñecemento como parte esencial da actividade investigadora que desenvolve a institución.

Coa vontade de avanzar no réxime xurídico deste persoal, desenvolvéronse varios instrumentos normativos que significaron melloras considerables nos seguintes aspectos:

- Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+i da USC no Consello de Goberno de 27 de setembro de 2019.
- Acordo sobre a clasificación profesional e as condicións retributivas do persoal investigador e do persoal de apoio á investigación do 30 de outubro de 2020, modificado en 2021 (DOG 180 do 17 setembro 2021), en 2022 (DOG 107 do 6 xuño 2022) e en 2023 (DOG 75 do 19 de abril de 2023).
- Acordo sobre o recoñecemento da antigüidade do persoal investigador e de apoio á investigación da Universidade de Santiago de Compostela (DOG 228 do 26 de novembro de 2021).
- Estabilización extraordinaria levada a cabo no ano 2024 de 114 persoas acadando a condición de persoal laboral fixo.
- Ampliación de dereitos coa inclusión no ámbito da flexibilidade horaria mediante a implantación do rexistro horario e, así mesmo, da modalidade de teletraballo.

Pola súa importancia cómpre dar un maior detalle en relación co Acordo sobre a clasificación profesional e as condicións retributivas do persoal investigador e do persoal de apoio á investigación do ano 2020. Na súa disposición transitoria primeira establecía a obriga de modificar os contratos vixentes para adaptar a categoría profesional á resultante do disposto no acordo, e, así mesmo, a obriga de levar a cabo unha equiparación retributiva progresiva naqueles casos en que quedasen por debaixo do previsto no texto convencional.

Este proceso de adaptación ás novas categorías rematou coa equiparación dun total de 249 persoas. Cómpre destacar que o proceso de equiparación das retribucións se acurtou notablemente e nestes momentos quedan so 53 persoas con retribucións que están arredor do 80-85% do total establecido para a súa categoría e ás que se continúa equiparando de conformidade co disposto no Acordo.

En xeral, as retribucións víronse incrementadas nunha media do 11,05%, sen incluír os incrementos salariais derivados das sucesivas leis de Orzamentos Xerais do Estado nin o recoñecemento de trienios a partir de xaneiro de 2022.

Ademais, a partir do ano 2021, as novas contratacións de persoal investigador e do persoal de apoio á investigación, tal e como establece o Acordo, incrementáanse un 5% anual ata que acaden o 100% das retribucións fixadas no texto.

Recentemente iniciouse un proceso de descentralización da xestión ás estruturas de investigación máis consolidadas o que amplía as funcións deste persoal, dotándoos dunha maior responsabilidade e protagonismo nos procesos que afectan aos seus centros. Concretamente, o proceso comezou polas convocatorias de selección do persoal para os centros da Rede CIGUS, así como para o IBADER de Lugo.

No relativo ao Persoal Docente e Investigador, aprobouse unha planificación para o período 2019-2022 que se renovou co novo mandato, cos seguintes criterios:

- Incorporar persoal axudante doutor, que inicia a súa carreira docente e investigadora, e que se atopaba en situación de precariedade pois os contratos posdoutorais non tiñan continuidade. Isto permitía o reforzo das áreas docentes con necesidades e a renovación do persoal.
- Promocionar o persoal acreditado a corpos docentes que, pola situación de anos anteriores, supoñía un bolsa de persoal con dereito a promoción profesional que estaba tardando arredor de 10 anos en acceder a eses corpos.

- Reducir o proceso de avellentamento do persoal e planificar as necesidades docentes a medio prazo.

Durante o período 2018-2024 convocáronse as seguintes prazas:

Categorías laborais/Corpos funcionariado	Prazas convocadas
Profesorado asociado	394
Profesorado asociado Ciencias da Saúde	180
Profesorado axudante doutor	344
Profesorado contratado doutor	127
Profesorado permanente laboral	77
Profesorado interino de substitución e listas de agarda	261
Profesorado titular de universidade	269
Catedrático/a de universidade	256
TOTAL	1908

Cómpre ter en conta, para poñelo en contexto, a cifra de efectivos do cadro de persoal e a súa evolución nese mesmo período:

2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
2.074	2.100	2.086	2.121	2.151	2.182

O número de prazas convocadas supón o 91% da media de efectivos no período analizado.

Tal e como explica a Planificación aprobada para o curso 2024-2025 *“Finalmente, aínda que coas actuacións desenvolvidas no último sexenio quedaron eliminadas as bolsas de profesorado acreditado para corpos docentes, segue sendo necesario atender as solicitudes de promoción do persoal que consegue a súa acreditación en cada anualidade.”*

Por último, cómpre tamén poñer en valor que esta medida contribuíu a mitigar o avellentamento acelerado que se estaba producindo no cadro de persoal docente. A comparación co Sistema Universitario de Galicia é clara: mentres que na USC no período 2018-2023 a idade media do PDI incrementouse 1,1 anos, na UDC o incremento foi de 2 anos e na Uvigo o incremento foi de 2,2 anos. Comparando co Sistema Universitario Español, no mesmo período o avance da idade media foi de 1,7 anos.

Polo que respecta ao persoal técnico, de xestión, administración e servizos, no período que estamos analizando desenvolveuse un Plan de Persoal que empezou desenvolvendo dereitos que non estaban regulados e que, ademais, logrou reactivar as políticas de selección, provisión e promoción e recoñecer a carreira profesional a un colectivo que viña dunha situación de estancamento xeral.

Destaca a posta en marcha da modalidade de prestación de servizos de teletraballo, unha demanda social deste colectivo á que se acolleu o 12% do persoal.

No relativo ás melloras retributivas, aínda que boa parte derivan de modificacións ou melloras da Relación de Postos de Traballo, destacan dúas que non derivan desa circunstancia:

- A integración desde o 1 de xaneiro de 2019 do complemento de produtividade no complemento específico do persoal funcionario e que ten efectos nas pagas adicionais do persoal laboral.
- O *Acordo para o desenvolvemento do sistema transitorio da carreira horizontal do PAS da USC*, o que implicou que no anos 2023 e 2024 se desenvolveran dúas convocatorias do proceso extraordinario para o acceso do PAS ao recoñecemento do complemento retributivo do grao I e que se estea percibindo o 100% do importe do grao.

Tamén é moi relevante a negociación relativa ás medidas de incentivación da xubilación, coa subscripción e prórroga dun acordo de xubilación parcial anticipada ata 2026 que permite que o persoal acceda á xubilación de xeito progresivo, e tamén destaca a xubilación forzosa para o persoal laboral que trouxo consigo a revisión e actualización dos importes dos premios de xubilación anticipada, aplicables tamén ao persoal funcionario.

Cómpre tamén destacar a elaboración e aprobación de normativa específica deste colectivo de persoal, en concreto:

- *Regulamento de mobilidade de Persoal de Administración e Servizos* por acordo do Consello de Goberno do 30 de outubro de 2020

- *Regulamento de selección de Persoal de Administración e Servizos* por acordo do Consello de Goberno do 30 de outubro de 2020

O regulamento de mobilidade recolleu o procedemento para a concesión de comisións de servizo, un proceso de provisión extraordinario e temporal que permitiu a cobertura de postos de xeito áxil e que supuxo a oferta de máis de 200 comisións desde a súa aprobación.

Pero o máis importante, sen dúbida, foi a execución da selección e da provisión. Débese destacar que en 2018 os orzamentos xerais do Estado aprobaron unha taxa excepcional para a estabilización do persoal temporal, en cumprimento das disposicións europeas que obrigaban a baixar a temporalidade a un 8% antes do 31 de decembro de 2024.

Esta taxa de reposición especial reforzouse coa Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público que supuxo a maior oferta de emprego público da Universidade, afectando a todos os colectivos, e con máis de 200 prazas ofertadas. A súa execución supera o 70% e sitúa a taxa de temporalidade nun 6,8% na data prevista legalmente.

Non se pode esquecer a promoción profesional, a través da promoción vertical, e que tamén tivo un enorme peso no período 2018-2024. En total ofertáronse 828 prazas, correspondendo 508 á quenda libre e 320 a procesos de promoción interna.

Tamén neste período se levaron a cabo procesos de provisión a través de concursos de traslados xerais e específicos e de convocatorias de libre designación que permitiron ao persoal promocionar cambiando de posto. En total, estes procesos afectaron a 867 postos, 288 de persoal de funcionario e 579 de persoal laboral.

Por último, destaca especialmente a modificación da relación de postos de traballo para adecuala ás novas necesidades, aplicando criterios de maior flexibilidade que contribúan a que a institución sexa capaz de prestar novos e mellores servizos acordes cos tempos.

Neste sentido destaca a creación dunha Oficina Next Generation, cuxas prazas teñen unha duración temporal ata a finalización do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e que constitúe un exemplo a seguir para abordar proxectos de certa envergadura, delimitados no tempo, ata a súa finalización.

Neste sentido de maior flexibilidade cómpre mencionar a creación dos Puntos de Atención, Información e Servizos e a creación de agrupacións por edificios, dirixidas por unha persoa coordinadora, que se revelaron sen dúbida como estruturas útiles e eficaces na prestación deste servizo tan próximo aos usuarios. E na mesma liña, as Unidades de xestión administrativa da Reitoría, Secretaría Xeral, Xerencia e Consello Social que dan soporte ao goberno da institución.

Non se esgotaron aí as modificacións realizadas pois tamén se levaron a cabo harmonizacións de niveis dos postos, modificacións de gran calado en áreas clave como é a Área de Tecnoloxías da Información e a Comunicación ou a Área de Infraestruturas, así como a apertura de postos a varios grupos para mellorar as posibilidades de promoción e de cobertura.

En definitiva, no período 2018-2024 tiveron lugar un total de 1.257 cambios na RPT: 152 creacións de prazas e 95 amortizacións, o que resulta na creación neta de 57 prazas e un total de 1.010 modificacións das condicións dos postos.

Para ter unha idea do que iso supón, ao igual que no caso do PDI, neste colectivo a evolución do número de efectivos foi a seguinte:

2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
1.223	1.216	1.219	1.218	1.211	1.248

En definitiva, pódese afirmar que non houbo un só posto que non estivera afectado por algún dos procesos descritos.

Ademais do estudo concreto por colectivo que se acaba de facer, cómpre ter en conta as melloras nas condicións de traballo que afectaron a todo o persoal ou a máis dun dos colectivos sinalados, como son as seguintes:

- A recuperación da xornada de 35 horas e implantación do rexistro horario, o que permitiu a posta en marcha da xornada flexible con dúas modalidades,

unha xeral e outra orientada á conciliación familiar e laboral nos colectivos do persoal técnico, de xestión, administración e servizos e para o persoal de apoio á investigación.

- A recuperación do complemento do 100% das retribucións no caso de incapacidade temporal (IT) e a recuperación dos complementos perfeccionados en situacións de IT ou permisos especialmente protexidos como o nacemento, a adopción, a garda con fins de adopción e o acollemento familiar.
- A regulación das ausencias por enfermidade que non dan lugar a incapacidade temporal, cun máximo de catro días anuais de permiso, e a incorporación progresiva despois de tratamentos oncolóxicos.
- A atención odontolóxica para pacientes con necesidades especiais que estean a cargo do persoal da USC.
- O recoñecemento do tempo de prestación do servizo militar obrigatorio ou prestación social substitutoria e do servizo social da muller para os efectos de perfección de trienios.
- A regulación das indemnizacións por razón de servizo que non dispoñían dunha norma propia da Universidade.

2. Os medios necesarios

Os medios, moi especialmente **as infraestruturas**, teñen unha relevancia innegable nas funcións da institución. A situación existente en 2018 era debedora dos períodos de contracción económica e da ausencia de investimento e de planificación. Nada novo se di se poñemos de manifesto que os retos máis importantes, pola súa incidencia económica, son a construción da Facultade de Farmacia, a rehabilitación das Facultades de Xeografía e Historia e de Medicina, esta última xa iniciada grazas a unha axuda estatal, así como o traslado da Facultade de Formación do Profesorado ao campus en Lugo. É, polo tanto, obvio que unhas obras desa envergadura non son factibles sen o apoio financeiro doutras administracións.

Agora ben, mentres ese apoio chega, estas necesidades non poden condicionar o adecuado mantemento do resto de bens inmoables da institución ou a

adecuación de espazos a novos ou distintos usos, porque sería o xerme dun novo problema a medio prazo ou incluso a curto.

A mellor estratexia, polo tanto, é aquela que garanta un investimento continuo nas instalacións, un investimento intelixente que implique aforro, ben sexa porque se melloran as calidades da eficiencia enerxética do edificio, reducindo ou non incrementando o gasto corrente, ben sexa porque se melloran as súas prestacións.

Con esta idea naceu o Plan de Infraestruturas 2019-2022 que recollía as necesidades existentes e permitiu ter un escenario claro para camiñar cara ás distintas solucións posibles: financiamento doutras administracións, rehabilitación por fases, racionalización dos espazos ou adaptación a novos usos entre outros. Porén, non estaría completo sen unha estratexia enerxética pois unha das grandes eivas da institución é a súa dependencia das fontes de enerxía e a falta de renovación das infraestruturas, o que levou a ter que tomar medidas derivadas da alza de prezos pola guerra en Ucraína.

A mellora na eficiencia enerxética das instalacións debe ser unha constante. A marxe de actuación é moi ampla porque, agás os edificios máis recentes dedicados case na súa totalidade á investigación, o resto de instalacións presentan eivas importantes. A aprobación dun Plan de Estratexia Enerxética supuxo adoptar decisións en dúas fronteas:

- Unha senda para a adopción de medidas, que implicando gasto inicial supoñen un aforro a medio ou longo prazo (instalación de enerxía fotovoltaica, renovación de envolventes, renovación da iluminación, etc.)
- Criterios de actuación da comunidade universitaria como colectivo e a nivel individual para reducir os consumos superfluos e tamén para racionalizar o gasto enerxético en períodos de baixa ocupación.

O anterior non é posible sen priorizar correctamente os recursos pois a Universidade, como institución dependente de fondos alleos para o desenvolvemento da súa actividade, dispón dun orzamento limitado e limitativo no que o destinado a unha acción necesariamente ten que restar doutra.

Para cumprir co anterior tamén é moi relevante a corresponsabilización por parte de todos os implicados. Neste sentido, en 2019 iniciouse unha estratexia de distribuír os recursos para obras de reparación e mellora aos centros logo de constatar o aumento da eficiencia no gasto relacionado con este tipo de obras. A descentralización permitiu que os equipos decanais e de dirección tivesen decisión na pequena reparación e mellora das instalacións coa implicación da Área de Infraestruturas. Esa estratexia tamén se estendeu ao gastos correntes para o funcionamento dos departamentos.

Crédito para	2018	2019	2020	2021	2022
Departamentos	100.000	150.000	250.000	300.000	300.000
Facultades e escolas	1.397.800	1.292.000	1.171.000	1.171.000	1.171.000
Equipamento centros	579.000	650.000	650.000	650.000	650.000
Obras RAM en centros	0	800.000	1.000.000	1.000.000	1.200.000
Total	2.076.800	2.892.000	3.071.000	3.121.000	3.371.000

Desde o ano 2022 mantéñense os importes. O incremento no caso dos departamentos foi do 250% do crédito inicial e no caso dos centros é do 52%.


Sen prexuízo do que se poida actuar no incremento de ingresos, a marxe real de actuación atópase en reducir racionalmente dúas fontes de gasto: a contratación temporal de persoal para a cobertura de necesidades temporais e o gasto corrente, especialmente en subministracións.

A contratación temporal de persoal supoñía no exercicio 2018 máis de 600.000 euros, estando na actualidade por debaixo dos 100.000 euros. A súa diminución, reorganizando as prestacións de servizos onde era posible sen proceder á cobertura inmediata de todas as necesidades, permitiu melloras que redundan nas políticas de persoal. Todo iso nun escenario no que o número de estudantes se mantén estabilizado nos últimos 10 anos, logo da forte caída que se tiña producido entre 2000 e 2014.

A outra cuestión, o aforro nas subministracións, pasa por completar esa estratexia de eficiencia enerxética sen esquecer o mantemento axeitado das infraestruturas. Ata o presente, as medidas implantadas permitiron reducir os consumos e, polo tanto, supor un menor gasto do que se tería realizado de non tomar estas decisións.

Así, empregando como referencia os prezos medios do kWh extraídos da facturación, obtivéronse proxeccións entre os exercicios 2019 (antes da pandemia e da guerra en Ucraína) e os anos 2022-2023 que constatan un menor gasto de 2,6 millóns.

Igual de relevante é a redución da pegada de carbono, sobre todo no contexto de cambio climático no que vivimos, pois para o mesmo período hai unha redución anual de 1.397 Tm de dióxido de carbono que non se emitiron.



Fonte: Vicerreitoría de Transformación Dixital e Innovación

A estratexia comentada e o aumento na captación de recursos alleos permitiu realizar os seguintes investimentos no período 2018 a 2024, a razón de 6 millóns anuais:

Tipo	Lugo	Santiago	Total
Administración e servizos	530.792,30 €	2.340.840,74 €	2.871.633,04 €
Docencia	1.394.862,42 €	14.076.226,07 €	15.471.088,49 €
Eficiencia enerxética	1.671.729,00 €	9.625.272,57 €	11.297.001,57 €
Extensión universitaria	81.780,03 €	639.920,04 €	721.700,07 €
Investigación	188.760,00 €	6.610.451,06 €	6.799.211,06 €
Mantemento dos campus	360.000,00 €	1.050.483,00 €	1.410.483,00 €
Residencias universitarias	61.009,33 €	873.540,78 €	934.550,11 €
Total	4.288.933,07 €	35.216.734,26 €	39.505.667,33 €

Con respecto ao Plan aprobado en 2019 a lista de actuacións era a seguinte:

- Novo centro na parcela da Facultade de Farmacia
- Ampliación da Facultade de Ciencias da Educación
- Rehabilitación integral da Facultade de Medicina e Odontoloxía
- Reubicación da Facultade de Enfermaría
- Rehabilitación integral da Facultade de Química
- Rehabilitación integral da Facultade de Xeografía e Historia
- Integración da Facultade de Formación do Profesorado no campus de Lugo
- Renovación das instalacións e acondicionamento das residencias universitarias
- Rehabilitación do Colexio de Fonseca e do Colexio de San Xerome
- Novo modelo de adquisición das subministracións enerxéticas e do mantemento
- Renovación das instalacións de subministración enerxética, calefacción e climatización
- Reforma dos espazos administrativos dos centros para as unidades de xestión de centros e departamentos
- Traslado de servizos ao Pavillón Estudantil e ás Vivendas dos Funcionarios
- Cesión de vías, zona verdes e instalacións ao Concello de Santiago
- Definir e executar o Plan de Mobilidade e Mellora Urbana no Campus Vida
- Mellora urbana e da mobilidade no campus de Lugo

Estas cifras e datos serven para tomar consciencia da dimensión que ten o mantemento adecuado das instalacións pois as grandes actuacións, como se explicaba ao inicio, non foi posible acometelas.

Mención aparte merece a prestación do servizo de limpeza de edificios. En 2018 a Universidade atopábase con dous contratos, un en Santiago e outro en Lugo, prorrogados forzosamente pois ambas empresas presentaran a súa renuncia á prórroga, e cun incremento do custo derivado desa situación de prórroga forzosa. En Santiago procedérase a licitar o contrato, quedando deserto. Segundo as consultas realizadas con empresas do sector, era necesario incrementar o prezo para garantir o interese na licitación, incremento que a priori a Universidade non podía asumir.

A decisión de xestionar a limpeza de xeito directo non era fácil pois é un servizo moi sensible e non había precedentes dun proceso con ese volume pois implicaba a 200 persoas pero, por outra banda, supoñía un aforro directo pola non suxeición ao IVE pero que, ben xestionado, podía ser maior.

Así se constatou, pois en 2021 a Fundación USC asumiu a prestación do servizo, xerando un aforro de case 2 millóns de euros que procedía en parte dos aforros derivados da non suxeición ao IVE do importe do encargo pero tamén, e iso é o relevante, dunha mellora e reorganización da prestación do servizo que durante anos careceu de flexibilidade para adaptarse ás necesidades e intensidades de limpeza na USC.

Esta medida permitiu seguir prestando o servizo sen un incremento no gasto corrente do Capítulo II que tería impedido acometer outras actuacións.

A racionalización dos entes instrumentais

Continuando coa idea anterior de xerar espazos de aforro que permitan investir nas liñas estratéxicas da institución, outro fito importante foi a ordenación dos entes instrumentais. Neste período leváronse a cabo varias decisións das que destacan:

- Como xa se comentou, a Fundación USC Deportiva asumiu a prestación do servizo de limpeza de edificios. Para iso, ampliou o seu obxecto, pasando a denominarse Fundación Universidade de Santiago de Compostela, M.P., para declarar a condición de medio propio da Universidade de Santiago de Compostela. Desde este cambio asumiu tamén a prestación do servizo de reprografía e, máis recentemente, integrou ao persoal subrogado pola liquidación de Unixest, S.L.

- A USC creara a finais dos 90 a mercantil Unixest, S.L., unha sociedade que atendía, fundamentalmente, a organización de congresos, a Unitenda, a xestión hoteleira da Casa Europa e a prestación de servizos informáticos ao exterior. Porén, viña dando perdas ao longo da última década polo que se fixo necesaria a súa liquidación sen afectar a actividade e o persoal. A liquidación definitiva tivo lugar en 2023 xunto coa integración da súa actividade na Fundación USC que, actualmente, xestiona estas liñas de negocio e, en especial, aquelas relacionadas coa proxección institucional e a imaxe da Universidade.

- Por último, entre os cambios a destacar é relevante a modificación da adscrición da Fundación Rof Codina, pasando de ser unha fundación pública autonómica

dependente da Xunta, a ser dependente da Universidade de Santiago de Compostela. Esta entidade é clave para o desenvolvemento da docencia do grao en Veterinaria, pois xestiona a formación práctica dos futuros veterinarios a través do Hospital Universitario Veterinario. A dependencia da Xunta de Galicia supoñía unha xestión diaria menos eficaz xa que non tiña en conta a realidade da docencia universitaria e da formación asistencial.

En definitiva, a evolución dos capítulos de gasto máis relevantes neste período amosa a contención no Capítulo II que permitiu as políticas de persoal e os investimentos:

Capítulo	2019-2018	2020-2019	2021-2020	2022-2021	2023-2022	2023-2018
I	1,54%	2,23%	2,57%	3,98%	6,11%	17,46%
II	8,45%	-8,09%	-2,65%	4,90%	6,44%	8,34%
VI	1,68%	-5,37%	31,74%	-0,98%	7,72%	35,20%

Como se pode apreciar o incremento do Capítulo II é moi inferior ao experimentado polos outros dous incluídos na táboa.

A comparación coas outras dúas universidades públicas do SUG tamén é elocuente. Para o período 2018-2022 (último ano dispoñible no SIIU) a evolución dos tres principais capítulos de gastos é a seguinte:

	Cap. I. Gastos de persoal	Cap. 2. Gastos en bens correntes e servizos	Cap. 6. Investimentos reais
A Coruña	13,30%	6,28%	61,16%
Santiago de Compostela	10,70%	1,79%	25,51%
Vigo	18,48%	1,89%	-5,13%

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria.

A pesar dos incrementos de prezo nas principais subministracións fomos quen de que o Capítulo II se contivera e tamén de facer políticas de persoal e de investimento nos medios necesarios para o desempeño das funcións da Universidade.

Por último, cómpre destacar o traballo do Centro de Datos e Procesos na xeración de informes, indicadores e cadros de mando que son necesarios para a xestión, a toma de decisións e o cumprimento do compromiso de rendición de contas coa sociedade e a mellora constante dos procesos da USC. O apoio na analítica de datos *ad hoc* para o equipo de goberno da USC permitiu detectar ineficiencias e propoñer solucións para optimizar os procesos da institución. Destacan, entre outros, os seguintes

- Informes da previsión do gasto descentralizado, así como do gasto executado nos exercicios anteriores, dos centros docentes, departamentos e centros de investigación
- Análise da ocupación dos espazos da USC para a optimización enerxética e aplicación dos criterios de reparto de espazos
- Comparativa da evolución de ingresos e execución orzamentaria por capítulos dentro do SUG nos últimos anos
- Análise da evolución da estrutura de idade do persoal da USC
- Análise da posible correlación das actividades do IV Ciclo e a captación de novo estudiantado
- Análise da posible correlación das actividades do programa A Ponte e a captación de novo estudiantado

3. A colaboración institucional

A última idea forza que orientou os orzamentos aprobados desde o 2019 é a de mellorar, afianzar e ampliar a colaboración institucional, con entidades tanto públicas como privadas, ben sexa a través de intereses comúns ou de novas actuacións. Como xa se dixo, as posibilidades de desenvolver políticas de certa envergadura, como a construción ou renovación de infraestruturas, pasan por alianzas con outras institucións para as que a comunidade universitaria e a propia USC sexan importantes.

Neste período a maior colaboración veu da man de concellos, deputacións e Comunidade Autónoma no ámbito público e o Banco Santander, a partir de agora a través da súa Fundación.

Coa colaboración da Comunidade Autónoma, entre outras actuacións, destaca a renovación da envolvente do Colexio de Fonseca e do Colexio de San Xerome, a remodelación dos espazos para o Instituto Galego de Física de Altas Enerxías no Monte da Condesa, a piques de rematar, o reacondicionamento da pista de atletismo, preparada para a competición ao máis alto nivel e a reforma do edificio Emprendia para a implantación do Grao en Intelixencia Artificial.

Tamén con financiamento autonómico estanse realizando traballos de reforma e acondicionamento de espazos para a investigación en Lugo e en Santiago e a rehabilitación de edificios emblemáticos como o Observatorio Astronómico da Universidade que forma parte da Rede de centros de divulgación da USC, nun momento no que a ciencia aberta se debe dirixir máis que nunca á cidadanía.

Tampouco se pode esquecer que as instalacións da Comunidade Autónoma, concretamente o edificio Fontán, albergan o Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC) e o Proxecto Nós, financiado este último con recursos do Perte da Nova Economía da Lingua e con recursos da Xunta e de Amtega.

A iniciativa do Plan de Infraestruturas Universitarias, dotada pola Xunta con 10 millóns anuais para as universidades públicas do SUG, ten que permitir por fin que a USC constrúa a Facultade de Farmacia. A súa construción obriga a subscribir unha operación financeira de préstamo por un importe de 8 millóns. Porén, o momento de estabilidade económica que vive a institución, cunha débeda moi reducida segundo se analizará nas presentes liñas, permite esta operación coa confianza de que ten a capacidade para facerlle fronte.

Así mesmo, o Plan de Infraestruturas Universitarias permitirá a operación de traslado da Facultade de Formación do Profesorado de Lugo do centro da cidade ao Campus.

Por último, é preciso destacar que a colaboración institucional coa Comunidade Autónoma non se esgotou cos ámbitos mencionados. A cooperación para a integración do Centro de Xenotipado na Fundación Galega de Medicina Xenómica ou para o cambio de adscrición da Fundación Rof Codina, pasando a depender da Universidade, foi plena e fluída e permitiu completar os dous procesos con eficacia e eficiencia.

Máis recentemente e como mostra da implicación da USC na promoción da actividade física e o deporte entre a sociedade galega, é importante mencionar a súa participación no Plan Corresponsables da Xunta de Galicia e do Ministerio de Igualdade, no curso 2022/2023, chegando a USC a desenvolver actividades das que se beneficiaron case 7.000 nenos e nenas de ata 16 anos e as súas familias.

Polo que respecta aos Concellos, tanto de Santiago como de Lugo, a colaboración permitiu o desenvolvemento de actividades, es especial culturais, pero tamén a realización de diversas accións que sen o entendemento entre as dúas institucións non serían posibles.

Así, no caso do Concello de Santiago, destaca a tramitación da urbanización da parcela onde se situará a Facultade de Farmacia. Neste momento tamén se está traballando na modificación do Plan Especial PE-8 do campus de Santiago de Compostela, o que permitirá unha maior flexibilidade no uso da edificabilidade que ten o Campus. Tamén se acometéronse algunhas melloras no Campus Sur, mediante a eliminación de prazas de aparcadoiro ou a realización de certas obras no ámbito dos Colexios Maiores.

Púxose en marcha o programa e-BiCI USC, para o que o Concello sinalizou as vías de comunicación entre campus, integrando a circulación das bicicletas entre o tráfico habitual, e tamén puxo 6 bicicletas a disposición do programa.

Polo que respecta ao Concello de Lugo, a colaboración esténdese tamén ao ámbito cultural e patrimonial. Destaca a subscrición dun novo convenio para o museo da Domus Mitreo situado a carón do Pazo de Montenegro.

A colaboración coas Deputacións das dúas provincias permite o desenvolvemento de moitas actividades aínda que, sen dúbida, en Lugo esta colaboración ten moita relevancia. A Deputación da Coruña vén colaborando de maneira estable coa USC na oferta cultural e de congresos, así como actividades dirixidas á promoción da igualdade.

Pola súa banda, a colaboración en Lugo é certamente intensa. Ademais do papel que a Deputación tivo e ten no desenvolvemento da titulación de Veterinaria, permite desde hai anos acometer melloras destinadas á docencia nas instalacións do Campus así como desenvolver múltiples actividades científicas, congresos e simposios, que contribúen á consolidación da imaxe da Universidade na súa contorna.

No ano que está a piques de rematar destacan dúas actuacións: a construción dunha gaiola para a pilotaxe de drones que empregarán os estudantes do Grao en Robótica da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (EPSE) e a posta en marcha dun servizo de desprazamento para a realización de prácticas dos estudantes, especialmente do Grao de Veterinaria na Granxa Gayoso Castro, propiedade da Deputación, pero tamén do estudiantado da EPSE que realiza numerosas prácticas de campo durante a súa formación.

No capítulo das colaboracións privadas, como se adiantou, destaca a permanencia na colaboración co Banco Santander que, a partir desde ano se formalizará a través da Fundación Banco Santander. Esta colaboración vén de hai moitos anos pero a entidade renovou o seu compromiso coas políticas da USC, destacando para o curso 2024-2025 o financiamento de axudas ao estudiantado a través de bonos comedor e axudas complementarias.

Así mesmo, hai que poñer en valor a rede tecida con preto de 80 clubs e federacións deportivas coas que se están levando a cabo iniciativas deportivas de diversa índole, tales como grupos de adestramento, xornadas de promoción deportiva, eventos deportivos, actividades formativas e de conciliación de estudos e deporte así como captación de deportistas doutras comunidades autónomas e países que se incorporan á USC e a estas entidades deportivas.


Tamén cómpre destacar a negociación co Club Fluvial da Cidade de Lugo para a posta en marcha dunha sala de acondicionamento físico que permitirá dotar de mellores instalacións para o deporte no Campus e que estará situada na Residencia Universitaria Bal e Gay. A colaboración estenderase tamén á política de inscricións no Club Fluvial por parte dos membros da comunidade universitaria.

Os retos

O futuro da institución, como se apuntaba, debe ter en conta os condicionamentos relativos ás infraestruturas xa comentados. Pero tamén os principais retos aos que se enfrontan as institucións públicas de educación superior e, en especial, a contorna na que vivimos. A Universidade debe estar preparada para actuar con axilidade onde temos marxe de mellora e para iso é imprescindible coñecer as dinámicas da institución e as proxeccións de futuro.

A caída demográfica da poboación en idade de estudos universitarios é algo innegable e que non ten unha solución unívoca nin a curto prazo. O que si podemos afirmar é que mentres se produce ese descenso relativo á docencia, a Universidade de Santiago fíxose forte na investigación. En parte non se pode descoñecer que se debe ao Mecanismo de Resiliencia e Recuperación, cuxos fondos Next Generation previsiblemente rematarán en 2026.

Porén a tendencia ao incremento nos fondos da investigación é sostido no tempo, como se pode apreciar na seguinte gráfica:



Ademais, o capítulo III, que cae moderadamente polo descenso na recadación do prezos públicos de matrícula, inclúe a prestación de servizos e, en concreto, a relativa a actividades de investigación que, de novo, están experimentando unha evolución positiva despois de certo estancamento.

Cómpre saber tamén cal é a evolución da captación de matrícula en estudos oficiais no conxunto do Sistema Universitario Español, tendo en conta a relevancia que están tendo as universidades privadas que xa irromperon no Sistema galego.

O cadro seguinte resume unha situación preocupante, xa que para o período de estudo, 2018-2019 a 2023-2024, as universidades privadas presenciais aumentaron a súa captación un 42,12% mentres que as públicas presenciais, entre as que nos atopamos, evolucionaron apenas un 0,62%.

	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024*	Variación
Total SUE	1.599.050	1.626.154	1.679.057	1.698.239	1.720.975	1.762.459	10,22%
Grao e Ciclo	1.290.455	1.296.379	1.336.009	1.333.567	1.343.736	1.378.824	6,85%
Mestrado	217.840	237.118	247.251	266.923	280.012	288.955	32,65%
Doutor	90.755	92.657	95.797	97.749	97.227	94.680	4,32%
Presenciais	1.351.477	1.366.922	1.389.795	1.403.303	1.418.188	1.437.667	6,38%
Públicas	1.164.720	1.166.711	1.175.605	1.172.262	1.165.211	1.172.248	0,65%
Privadas	186.757	200.211	214.190	231.041	252.977	265.419	42,12%
Non Presenciais	245.445	257.114	287.286	293.107	300.985	322.898	31,56%
Públicas	140.784	137.222	151.376	140.237	130.459	135.832	-3,52%
Privadas	104.661	119.892	135.910	152.870	170.526	187.066	78,74%
Especiais	2.128	2.118	1.976	1.829	1.802	1.894	-11,00%
Públicas	2.128	2.118	1.976	1.829	1.802	1.894	-11,00%

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria. Data da consulta: 17-11-2024

*Datos provisionais

Neste período na USC o número de estudantes totais, abarcando todas as modalidades, mantívose practicamente estable entre os 26.966 de 2018 e os 27.065 de 2024. Atendendo aos datos demográficos parece que esta tendencia pode manterse ata finais desta década, pero logo haberá que afrontar o forte impacto da caída demográfica derivada da crise financeira que se iniciou en 2010 e que reducirá notablemente a cohorte de poboación en idade tradicionalmente universitaria (18-25 anos).

Non se trata de abandonar as estratexias de captación de novo estudiantado, cómpre mantelas e melloralas. Ademais de apostar por novas ofertas formativas ao longo da vida, onde as microcredenciais están chamadas a xogar un papel importante, compre tamén dirixir os esforzos a facilitarlles mellores ferramentas, docencia actualizada, axuda que lles permita dedicarse a estudar e, en definitiva, ser unha marca que os mozos e mozas recoñezan como sinal de prestixio e de seriedade.

Pero a USC ten que ser competitiva ante a caída demográfica e apostar pola investigación e a transferencia. É o elemento máis diferenciador con respecto ás universidades privadas e, polo tanto, debe ser o que nos permita o mellor posicionamento pois tamén a captación de estudantes se pode ver influída pola repercusión que teñan as investigacións e a transferencia que aquí se realiza.

A USC debe mirar ao futuro e pensar no punto de confluencia entre a docencia, a investigación e transferencia e a extensión universitaria: todas son funcións que serven para captar recursos e soste as actividades que a institución leva a cabo. Non se pode obviar que unha boa oferta de residencias universitarias, de salas de estudo, de actividades culturais e deportivas, por poñer varios exemplos, axudan á captación tanto para a docencia como para a investigación e a transferencia.

UNHA OLLADA AO 2024

2024 foi un exercicio de execución, no que destaca o remate dun prazo moi relevante para o persoal do sector público: o prazo para a estabilización do persoal temporal. Antes do 31 de decembro de 2024 a USC terá unha taxa de temporalidade dous puntos por debaixo do esixido por Europa: un 6%. Esta situación tamén ten que aproveitarse para aprender e non repetir a historia que nos levou a preto dun 40% de temporalidade.

Tamén cabe destacar que a Universidade iniciou un dos procesos de maior relevancia no futuro de calquera universidade pública, o debate estatutario derivado da nova Lei 2/2023, do 22 de abril, do Sistema universitario. A configuración das estruturas docentes e investigadoras, dos servizos e dos diferentes colectivos que se decida nos novos estatutos terá o seu reflexo e consecuencia tanto a nivel económico como na propia xestión, pois diso depende a eficacia, a axilidade e a capacidade para enfrontarse e adaptarse ao retos que veñen.

Polo que atinxe á execución propiamente, o financiamento da investigación continúa sendo un problema ao estar sometido ás tensións de convocatorias competitivas, cuxo retraso supón distorsións orzamentarias pero que, sobre todo, comprometen a continuidade das actividades. Ademais, a execución dos fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, está sendo realmente complexa pola súa inestabilidade e pola falta de información e instrucións. A creación da Oficina Next Generation USC e o seu persoal están axudando a paliar os problemas pero as dificultades e incidencias son diarias.

Cómpre analizar o estado da débeda financeira da Universidade como evidencia da súa viabilidade económica no medio prazo. A contención no gasto, o rigor e a planificación permitiron afrontar o pagamento da débeda ao igual que en exercicios anteriores quedando o cadro de amortización para os vindeiros exercicios como segue:

Exercicio	Débeda pendente	Débeda bancaria	Anticipos autonómicos	Total para amortizar no exercicio
2025	9.461.842,28	1.901.875,29	468.750,00	2.370.625,29
2026	7.091.216,99	1.917.634,82	468.750,00	2.386.384,82
2027	4.704.832,17	1.933.716,56	468.750,00	2.402.466,56
2028	2.302.365,61	1.833.615,61	468.750,00	2.302.365,61

Moita relevancia ten esa viabilidade neste momento. Xa se apuntaba no apartado II das presentes liñas, pero a situación de estabilidade financeira e os resultados económicos dos últimos exercicios permitirán, xunto co financiamento que achegará a Xunta de Galicia, afrontar de xeito inmediato a construción da primeira fase da Cidade da Saúde destinada a Facultade de Farmacia.

A solidez actual outórgalle a confianza necesaria para que a Comunidade Autónoma permita que contraia un préstamo para financiar os 8 millóns restantes, ata completar os 24 necesarios para a súa construción. Non será no exercicio 2025 cando se active pero si cando se negocie e subscriba, pois é preciso para afrontar os pagos da obra do edificio durante o 2026. En calquera caso, a pertinencia e a necesidade están máis que xustificadas, a colaboración institucional coa contribución, en cifras redondas, por parte da Xunta de 12 millóns que se destinarán a ese edificio, xunto con 4 que deberá achegar a USC de fondos propios e os restantes que se financiarán co instrumento financeiro mencionado.

O resultado do peche orzamentario do ano 2023 foi positivo, 21,22 millóns, e o resultado non financeiro foi de 8,52 millóns. A previsión de peche de 2024 apunta de novo a un resultado positivo.

Sen prexuízo da información máis detallada que se renderá no informe de xestión do reitor sobre o ano 2024, a continuación revísanse os principais gastos proxectados nos orzamentos deste ano, poñéndoos en relación coa liña estratéxica ou instrumental na que se encadraban.

Liñas estratéxicas

1. As persoas

Nesta liña, entre as principais actuacións, prevíanse as seguintes:

A atención ás situacións vulnerables, cunha dotación de 720.000 € que supuxo un incremento do 120%, permitiu incrementar a atención da Unidade de Atención Psicolóxica, aumentar as axudas á manutención con máis de 112.000 menús repartidos para o seu consumo nas cafetarías e comedores universitarios da USC e o mantemento dun fondo dotado con 10.000 euros para atender situacións especiais.

Dentro do **Plan de Proxección Social** contiñanse actuacións destinadas ao estudantado dotadas con 244.250 € estruturadas en torno a cinco liñas de actuación:

- Achegar ao estudantado unha programación cultural sostible, actual e autónoma.
- Reforzar a proxección da universidade como entidade cultural e as súas redes co tecido cultural galego.
- Manter o compromiso coa formación integral do estudantado.
- Continuar coa optimización dos servizos de apoio ao estudantado;
- Reforzar as axudas dirixidas ao estudantado.

Para a primeira liña, ademais das propostas habituais derivadas das unidades de produción propias -mostras e festivais de teatro e danza e concertos de orquestra e coro universitarios-, consolidáronse novas propostas tanto no audiovisual como no musical e noutras artes como a pintura.

Co fin de reforzar a proxección da universidade como entidade de divulgación cultural e científica e das súas redes co tecido cultural galego, consolidouse a programación cultural da universidade a través das marcas BenvidaUSC, Outono Cultural e Primavera Cultural. Asinouse tamén un convenio co Centro Dramático Galego e avanzouse nun convenio coa iniciativa Curtocircuíto, colaborando tamén no apoio a unha das residencias artísticas do programa.

En relación co compromiso coa formación integral do estudiantado consolidouse o programa Faíscas Culturais, poñendo en marcha ata 5 liñas novas de Faíscas nos campus de Santiago e Lugo, contando con estudiantado e profesorado de 11 dos 25 centros docentes da universidade. Celebrouse ademais a III edición das Xornadas de Benvida USC, con máis de 30 actividades culturais ou deportivas programadas en cada un dos campus e dous grandes concertos en Santiago e Lugo.

Para continuar coa optimización dos servizos de apoio ao estudiantado, púxose en marcha a novena edición da Convocatoria de Mentoring e a segunda edición da Feira Virtual de Emprego a través da área de Orientación Laboral e a área de Participación e Inclusión Universitaria contou cun fondo para financiamento da asistencia persoal para o estudiantado con esta necesidade. Con respecto ao Sistema Universitario de Residencias iniciouse unha liña de axudas para actividades de dinamización dos centros residenciais, impulsouse unha campaña de difusión do regulamento de convivencia e visibilizouse o Consello do Estudiantado entre as persoas residentes a través da participación nas xornadas de benvida dos centros.

Co fin de reforzar as axudas dirixidas a estudiantado impulsouse a segunda edición da convocatoria de axudas á dinamización nas facultades e escolas, dotada neste caso con 35.000 euros e que permitiu financiar 32 actividades a través de 14 centros docentes e do Consello do Estudiantado.

A **práctica físico-deportiva** incluída no Plan de Proxección Social cobra un papel relevante tanto pola accesibilidade da oferta de servizos a toda a comunidade universitaria como para a cidadanía en xeral, pois un 20% dos usuarios pertencen a ese colectivo. Como xa se comentou, a USC apostou por establecer medidas que faciliten a carreira dual dos deportistas de alto nivel, pasando de 27 no curso 2021/2022 a 84 no presente curso 2024/2025. Ao mesmo tempo intensificou a colaboración efectiva co tecido deportivo; en concreto asináronse convenios de colaboración con 7 clubs e sociedades deportivas, estando tres máis a piques de subscribirse. Tamén se intensificou a colaboración na organización de actividades con 15 federacións deportivas galegas.

Desta forma a Universidade asume un papel responsable na promoción da vida activa na sociedade e particularmente entre a xuventude.

No ámbito da **igualdade**, a USC mantivo en 2024 a celebración de actos conmemorativos e a oferta de formación en igualdade e perspectiva de xénero, tanto propia como en colaboración co Centro de Formación de Persoal. Así mesmo, impulsou a investigación e docencia con perspectiva de xénero, convocando premios nestes eidos e concedendo axudas á investigación. Por último, participou nas xornadas da Rede de Unidade de Igualdade das universidades e na Rede de Unidades de Diversidade, cuxa relevancia se acentúa coa aprobación da Lei orgánica do Sistema Universitario e que serven para contribuír a fortalecer lazos e deseñar políticas nun momento de necesaria transformación da estrutura e regulación vixentes nas universidades.

Canto ao persoal o balance é o seguinte:

Centro de Formación de Persoal: este ano 2024 serviu para consolidar a oferta de formación e a dinámica de actuación do propio centro, despois de aprobar a estratexia e de constituír, por fin, o Consello Asesor de Formación. No mes de outubro aprobouse o Regulamento do Centro de Formación de Persoal, dotando dunha regulación específica e modificando a composición do Consello Asesor para incluír expertos en linguas.

Polo que se refire á actividade desenvolta, ademais da oferta de formación habitual, aumentou a oferta para o persoal investigador e de apoio á investigación, dando cumprimento ao selo *HR Excellence in Research*, e consolidouse o Programa de Formación de Acollida e Formación Docente, con 126 horas de formación, iniciado no curso 2023-2024.

Destaca, así mesmo, a execución do proxecto xOC do Plan Unidigital do Ministerio de Ciencia e Universidades, dotado con 376.000 € e que remata o próximo 31 de decembro. Liderado pola USC e en colaboración coas universidades da Coruña e Vigo supón o deseño e posta e marcha dunha convocatoria de creación de contidos dixitais formativos e de divulgación, con máis de 70 proxectos presentados, un servizo de virtualización de contidos para

dar soporte á mencionada convocatoria e unha aplicación web para a aprendizaxe da lingua galega.

Polo que se refire á **Acción Social** os orzamentos de 2024 prevían a posibilidade de recuperar as achegas ao Plan de pensións para todo o persoal subscrito. Porén, non foi posible materializar esta decisión posto que practicamente esgotouse a contía autorizada pola aplicación das axudas de matrícula para o persoal e os seus descendentes.

Plan para o PDI: En materia de profesorado, as Liñas Xerais do Orzamento para o ano 2024 identificaban, por unha banda, unha serie de actuacións relacionadas coa persistencia de elementos ben coñecidos e que veñen condicionando a política de profesorado desde hai xa varios anos e, pola outra, os desafíos xurdidos como consecuencia da aprobación e entrada en vigor da Lei orgánica do Sistema Universitario.

Polo que se refire ás primeiras, no exercicio de 2024 mantívose a aposta pola creación de prazas de profesorado axudante doutor como medio para incorporar novo profesorado que permita renovar uns cadros docentes que, como é sabido, están entre os máis avellentados do Estado. Con este fin, na Planificación 2024 incluíronse 53 prazas de profesorado axudante doutor, que serían complementadas con outras 21 na Planificación complementaria. Por outra banda, na liña de ofrecer posibilidades de promoción ao profesorado acreditado para corpos docentes, creáronse prazas de profesorado titular e de catedrático/a para atender todas as solicitudes de promoción presentadas polos Departamentos. Pero sen dúbida o esforzo maior neste terreo constituíuno a dotación de prazas de profesorado permanente laboral e titular de universidade, o que permitiu adiantar significativamente os procesos de consolidación do profesorado axudante doutor. Deste xeito, puideron optar á consolidación 79 axudantes doutores, concretamente todos os que, con independencia da data de finalización do seu contrato, contaban con acreditación para o corpo de profesorado titular ou cun certificado I3/R3, e, ademais, os acreditados á figura de profesorado permanente laboral cuxos contratos finalizaban antes do 31 de decembro de 2026.

Polo que se refire á implementación dos cambios introducidos pola LOSU, a pesar de que a través dunha disposición final da Lei de Ensinanzas Artísticas se ampliou ata xuño de 2028 o prazo para a adaptación ao novo marco dos contratos do profesorado asociado, a USC decidiu manter o calendario inicial e abordar a convocatoria dos concursos correspondentes dentro do marco da Planificación 2024. Deste xeito, no momento presente están xa resoltos os 90 concursos convocados para cubrir 191 prazas de profesorado asociado, e asinados os correspondentes contratos, coas únicas excepcións duns poucos que foron obxecto de recurso e dalgúns outros pendentes da concesión de compatibilidade.

Estas actuacións excederon a dotación extraordinaria de 750.000 € prevista nos orzamentos.

Plan para o PAS, dotado con 750.000 €. Cómpre iniciar a revisión dando conta da aprobación do Plan de PTXAS 2024-2025 no Consello de Goberno celebrado o 26 de abril de 2024, previo acordo na Mesa Xeral de PAS o 3 de abril.

Este plan inclúe cinco eixes de acción:

Eixe 1: A formación

Eixe 2: Unha planificación mellorada dos recursos humanos

Eixe 3: A transformación dixital da USC

Eixe 4: A carreira profesional

Eixe 5: Apoio e responsabilidade social

Destaca o pago do 100% do complemento da carreira profesional que acadara o 60% no 2023. Realizouse ademais unha nova convocatoria con efectos do 1 de xaneiro de 2024 para o persoal que non cumpría os requisitos na convocatoria anterior.

E avanza tamén no esquema de carreira profesional pois acordouse a implantación dun sistema extraordinario que permita o encadramento do persoal

onde lle correspondería, permitindo así recoñecer os servizos prestados na institución. Esta medida adoptouse para contribuír a paliar o envellecemento do persoal sen que tivesen oportunidade de ver recoñecida a carreira.

Esta actuación superou o crédito extraordinario previsto na Partida de Plan de persoal e accións de mellora do PTXAS.

Ademais, durante o ano 2024 realizáronse modificacións puntuais da Relación de Postos de Traballo cos criterios empregados nos últimos anos: mellorar a prestación de servizos, dotar de maior flexibilidade o cadro de persoal e asumir novas funcións.

Así mesmo, no momento de elaboración destas liñas, descoñécese a contía máxima autorizada para a masa salarial correspondente a todo o capítulo I, posto que a Universidade presentou alegacións á comunicación realizada desde Facenda das que non obtivo resposta. O capítulo de persoal da Xunta avanza para o 2025 máis dun 5%, porén a autorización máxima para a USC é dun 1,25% sen que se explicase o motivo desta discriminación.

Actuacións en materia de persoal investigador e de apoio á I+D, dotadas con 750.000 €.

En 2024 continuou a creación de programas de xestión da investigación que permiten unha contratación indefinida por actividades científico-técnicos, dotando de certa estabilidade ás investigacións. A USC conta xa con 71 programas, 12 estruturais, 13 agrupados e 46 específicos de grupos de investigación, e máis de 190 persoas contratadas con esta modalidade.

Desde a Vicerreitoría de Política Científica, continuouse co apoio para a asistencia a congresos e reunións científicas que concedeu 35 axudas por importe de 9.322,29 euros.

A vicerreitoría tamén traballou con intensidade no relativo aos programas de captación de persoal. En relación ás convocatorias competitivas estatais, como as axudas Beatriz Galindo, as axudas Ramón y Cajal, o programa ATRAE,

realizáronse diversas accións informativas e prestouse axuda na presentación das propostas.

Na convocatoria “Beatriz Galindo” 2023, resolta en 2024, a USC obtivo, por primeira vez, 5 contratos, dos cinco posibles, destes 4 foron na modalidade senior e 1 na modalidade *junior*. Na convocatoria “Ramón y Cajal”, pendente de resolución final, a USC chegou a acordo de incorporación cun total de 8 investigadores e investigadoras, e foi a única Universidade de España que conseguiu 3 candidaturas do programa ATRAE.

A nivel europeo prestouse apoio aos procesos de solicitude das axudas do Consello Europeo de Investigación (ERC), ás que se presentaron un total de 15 candidaturas (modalidades Starting Grant e Consolidator) e para as accións Marie Sklodowska-Curie.

No apoio á etapa investigadora inicial convocouse 1 novo contrato predoutoral no marco do Campus Terra en colaboración coa Fundación Caixa Rural Galega Tomás Notario Vacas.

Estas accións completáronse con 30 contratos de iniciación á investigación con financiamento do convenio co Banco Santander.

O custo destas actuacións xunto co apoio puntual a estruturas de investigación consumiu neste momento a práctica totalidade da partida, 92%, se ben agárdase que ata final de exercicio se esgote o crédito dispoñible.

1.3 A comunidade universitaria e a cidadanía

A proxección social da Universidade estivo presente a través dun conxunto de actuacións que, nalgún caso como as xornadas de BenVida USC, xa se poden cualificar como consolidadas despois de 3 anos organizándoas e xerando moito interese.

A dotación prevista de 383.000 € esgotouse pois leváronse a cabo as actividades programadas, destacando a apertura da Tenda da USC no mes de xuño na entrada do Colexio de Fonseca, dentro da estratexia de Espazos USC, espazos

que sirvan para consolidar a marca a través do encargo realizado á Fundación USC para a proxección institucional da institución.

Xunto coa apertura da tenda actuouse en 3 eixos para poñer en valor o patrimonio da USC:

- A tenda como espazo destinado á información e difusión do patrimonio da USC que funciona como punto de encontro para as visitas guiadas e como punto de divulgación da actividade universitaria pois está prevista a posta en marcha dun programa expositivo e outras actividades culturais, combinando o anterior coa función de librería especializada nas publicacións da universidade e como espazo de venda de produtos marca USC.
- Renovación do catálogo de produtos, prestando especial atención e coidado á aplicación da marca, ao deseño, e ao valor engadido que os produtos deben ter de posta en valor e difusión do patrimonio universitario en varios idiomas. Exemplo disto son os produtos que representan o Paraninfo, o Artesonado, o Museo de Historia Natural, Fonseca, ou o Museo Domus do Mitreo de Lugo.
- Especial atención ás novas xeracións con colaboración con ilustradores e deseñadores. Destacar a liña de produtos “A Conchi”, ilustración de Elga Fernández Lamas, que representa á Biblioteca Concepción Arenal, lugar de referencia da vida universitaria e que leva o nome dunha das figuras máis senlleiras do S.XIX pola transcendencia do seu pensamento no ámbito da xustiza social e a igualdade de xénero

A pesar de que van poucos meses, o incremento de vendas ao público visitante aumentou un 10% pero o incremento entre a comunidade universitaria destaca notablemente pois foi dun 46%.

Tamén cómpre destacar que continúa o incremento de visitantes no Museo A Domus do Mitreo que supuxo máis dun 12% en comparación co 2023, no que se ampliaron as actividades introducindo, entre outras, obradoiros sobre as pezas do Mitreo e obradoiros dirixidos a público infantil.

Polo que respecta á Casa Europa aínda que a media de ocupación anual segue sendo moi baixa, incrementouse un 5% con respecto a 2023. Por último, o

servizo de reprografía aumentou un 15% as vendas entre a comunidade universitaria.

No eido da igualdade mantivéronse convenios con distintas institucións, que serven para executar accións do III PEIOHM, realizar transferencia de xénero e fortalecer liñas de traballo en formación, investigación e prevención e actuación contra violencias sexuais e sexistas. En 2024 foi posible asinar catro convenios:

1º. Coa Deputación de A Coruña para dotar ao Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero (CIFEX) con 43.750 €.

2º. Coa Secretaria Xeral de Igualdade para dotar ao programa Corresponsables, con 17.000 €, co obxectivo de sensibilizar, e formar, en materias de corresponsabilidade nas tarefas de coidados, co fin de impulsar modelos de masculinidades corresponsables e igualitarias .

3º. Tamén coa Secretaría Xeral de Igualdade asinouse o convenio cunha dotación mais elevada (50.000 €) para desenrolar as tarefas recollidas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

4º. Por último, o convenio asinado co Concello de Santiago de Compostela permitiunos convocar, e dotar, os premios á introdución da perspectiva de xénero na docencia e investigación, e celebrar o ciclo formativo "Cafés do CIFEX"

2. A docencia

As accións realizadas durante a anualidade 2024 poden resumirse do seguinte xeito:

As titulacións oficiais. Unha das actuacións principais neste ámbito foi o desenvolvemento da Convocatoria para o financiamento de accións de mellora de mestrados oficiais da USC 2024, que serviu para financiar un total de 127 accións para 46 titulacións de mestrado oficial en ámbitos como difusión dos títulos, mellora das competencias transversais do estudiantado, equipamento e licencias de software, xornadas de empregabilidade e seguimento do estudiantado egresado e avaliación da inserción laboral. Por outra banda, como

paso previo necesario ao desenvolvemento de mestrados con itinerarios con mención dual, levouse a cabo unha actividade formativa na que participaron como poñentes persoas responsables de tres mestrados con itinerarios duais que se imparten en universidades españolas de fóra do SUG. A formación incluíu, entre outros, os seguintes temas: duración dos estudos, porcentaxe de créditos a cursar en modalidade dual, convenios universidade-empresa, contratos de formación en alternancia, titorización na universidade e na empresa, corresponsabilidade no deseño dos contidos curriculares etc. Finalmente, déuselle continuidade ao programa de actividades formativas dos estudos de doutoramento mediante a posta en marcha de accións relacionadas co fortalecemento das competencias e habilidades transversais, en ámbitos como as metodoloxías e técnicas de investigación e análise de datos, os procesos de documentación científica ou as técnicas e métodos de comunicación científica e redacción de traballos de investigación, entre outros.

A avaliación docente. Como complemento á revisión dos procedementos e contidos das enquisas de avaliación da calidade e dos correspondentes indicadores e informes realizada en 2023 que deu lugar a elaboración e aprobación de manuais unificados, en 2024 púxose en marcha un grupo de traballo para o desenvolvemento na USC do novo modelo do programa DOCENTIA. A identificación e selección de dimensións e indicadores que se está levando a cabo e a consecuente definición do modelo de excelencia docente serán pezas clave para a definición de novos modelos de enquisa que necesariamente terán que ser implementados no futuro.

A oferta formativa non oficial. Ademais de diversas accións de dinamización e difusión da oferta formativa non oficial nas súas diferentes modalidades (por exemplo, mediante a elaboración de vídeos promocionais ou a publicidade en feiras), a actuación máis destacada neste apartado está relacionada con distintas actuacións formativas, informativas e de preparación para a inminente posta en marcha de microcredenciais universitarias, que permitirá á USC ofrecer formación flexible para a actualización permanente das persoas egresadas e dos profesionais de distintos sectores.

Internacionalización

No ámbito da internacionalización, en 2024 mantívose o pulo ás medidas para o posicionamento, atracción e proxección internacional da Universidade. Coa aprobación en xaneiro de 2024 do Plan de Internacionalización 2024-2026 da USC, púxose en marcha unha estratexia global para atracción de estudantado internacional (liña estratéxica 2 do Plan) mediante o emprego dunha ferramenta de posicionamento SEO, campañas de mercadotecnia dixital enfocadas a Latinoamérica e Brasil, a participación en eventos de *networking* e de captación, tanto presenciais (por exemplo, *European Association for International Education* (EAIE), Europosgrados México) como virtuais (por exemplo, webinarios para Filipinas ou Indonesia) e a participación no programa de bolsas da Asociación Universitaria Iberoamericana de Posgrado (AUIP). Así mesmo, impulsouse á mobilidade presencial, híbrida e virtual (liña estratéxica 4 do Plan) con financiamento para a participación en mobilidades por convenio bilateral (oferta de 40 bolsas para destinos fóra do programa Erasmus+) e en Programas Intensivos Combinados (BIP). No ámbito da mobilidade virtual, a USC está a participar no Programa Iberoamericano de Movilidad e Intercambio Virtuales Académicos (PIMIVA) con universidades arxentinas, colombianas e mexicanas e ofertouse formación en metodoloxía COIL (Collaborative Online International Learning). Por outra banda, no eido da cooperación internacional (acción 2.7 do Plan de Internacionalización), intensificouse a colaboración coa Fundación Mujeres por África e a Fundación Carolina e reforzouse o Programa de Axudas a Persoas Procedentes de Zonas en Conflito, incrementando o número de axudas ofertadas para o curso 2024-2025 (un total de 12), con cotas específicas para estudantado procedente de Palestina e Ucraína. Por último, cómpre salientar a intensa actividade desenvolvida por membros dos distintos colectivos da USC (estudiantado, PDI e PTXAS) en iniciativas desenvolvidas no marco da Alianza EUniWell (Universidade Europea para o Benestar), tales como talleres, escolas de verán, mobilidade mediante BIP, preparación de propostas para titulacións conxuntas etc.

3. A investigación

Ademais das actuacións contempladas no apartado de Persoal, as principais actuacións nesta liña foron as seguintes:

Consolidación de estruturas de investigación: durante o ano 2024 continuouse a política de reformulación e reestruturación de estruturas de investigación, en concreto os institutos de investigación IDEGA, IBADER, Acuicultura e IAQBUS.

Polo que respecta ás novas creacións a finais de 2023 tiveron lugar as do Instituto de Humanidades e do Instituto de Psicoloxía, polo que durante o ano 2024 comezaron as súas actividades, coa incorporación de investigadores e investigadoras. Así mesmo, neste ano traballouse na creación dun novo instituto no ámbito da lingüística e a literatura e continuouse o traballo para a elaboración da proposta de creación dun instituto vinculado ao campus de especialización Campus Terra que cubra os ámbitos científicos hoxe non integrados noutros centros e institutos.

Programa de xestión de ingresos por custos indirectos, aumentouse a dotación ata o establecido no Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026, asumindo os centros implicados unha parte dos seus custos xerais de mantemento de subministracións. O grao de execución está neste momento preto do 100%. Cómpre destacar que os centros de investigación da rede CIGUS, ao que se dirixe a medida prevista no Plan, aumentaron a cinco neste 2024 pola incorporación do CRETUS, logo do seu recoñecemento na convocatoria de acreditación da excelencia e axudas para a estrutura, a mellora e o apoio aos centros de investigación do Sistema universitario de Galicia.

Por outra banda, púxose en marcha un programa de axudas a proxectos de investigación nos distintos ámbitos científicos co obxectivo de impulsar a actividade científica dos grupos de investigación.

En 2024 convocouse este programa de axudas, destinado a permitir a continuación de liñas de investigación existentes ou a iniciación de liñas de

investigación novidosas para as que non se dispoña doutro financiamento. Foron financiados 10 proxectos, que recibiron un importe global de 160.000 euros.

O orzamento comprometido foi executado na súa totalidade.

Ciencia aberta e mellora da biblioteca

En 2024 apostouse por mellorar as funcionalidades de Minerva, para reforzar as capacidades dunha infraestrutura esencial para que o persoal investigador poda publicar e compartir os seus traballos de maneira gratuíta e aberta, e da avaliación da produción científica, como se puxo de relevo na ultima convocatoria de sexenios de investigación. O proxecto de mellora de Minerva cristalizou en outubro de 2024 coa migración a unha nova versión.

Ao mesmo tempo continuou o traballo no **Portal de Investigación** a prol dunha mellor sistematización dos datos relativos á produción científica, cun investimento de 15.000 €.

Continuouse traballando na oferta de **novos servizos a través da plataforma de servizos bibliotecarios Alma**, dotada con 86.000 €. Trátase dun proxecto consorciado coas outras universidades galegas a través do CISUG. Como resultado a BUSC conta cun novo catálogo Iacobus que incorpora unha potente ferramenta de descubrimento que permite, dende unha única caixa, indagar na colección da Biblioteca (incluíndo recursos electrónicos, texto completo de revistas subscritas pola USC ou en Acceso Aberto), facer solicitudes de préstamo entre os centros da BUSC ou Interbibliotecario, exportar rexistros e xerar citas ou solicitar novas adquisicións, e integrar a produción científica recollida no Portal de Investigación dentro do catálogo.

Reforzouse a formación en **competencias informacionais na contorna dixital**, ampliándose a oferta a máis colectivos da comunidade universitaria (EDIUS, PFID e estudantado de grao e mestrado).

Polo que atinxe á oferta de **recursos bibliográficos de calidade en formato físico e dixital** destináronse 850.000 € para coleccións propias e 1.508.774€ para recursos consorciados, ente os que se atopan os acordos transformativos

firmados con editoriais científicas, dirixidos a transformar o modelo de pago de licencias por ler ao pago por ler e publicar en acceso aberto. Na USC actualmente están vixentes os seguintes acordos transformativos: Cambridge University Press (CUP), Oxford University Press, Elsevier, Wiley, Springer, American Chemical Society (ACS), IEEE e RSC.

Polo que atinxe as infraestruturas, ampliouse a **oferta de espazos e postos de lectura en horarios extraordinarios**.

No relativo á **xestión da investigación** avanzouse no proceso de descentralización da xestión da investigación, comezando pola selección de persoal nos centros mais consolidados e reforzando o persoal dedicado a esta xestión.

No relativo ás **infraestruturas e equipamentos** relacionados coa investigación A USC, en colaboración coa Consellería de Educación, Cultura e Universidade, a sede do Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE) no edificio Monte da Condesa está a piques de rematar no momento de redacción destas liñas.

Co financiamento do Convenio entre a Consellería e a USC para o desenvolvemento de actuacións estratéxicas de I+D+i, iniciáronse as obras de reforma do inmovible coñecido como Chalés dos Catedráticos para que sirva de sede dun centro de investigación en ciencias sociais e humanidades e renovouse equipamento da Área de Infraestruturas de Investigación por valor de 465.000 €.

Canto ao **emprendemento**, respecto ás previsións contidas nas liñas para o ano 2024 a execución foi a seguinte:

En 2024 creáronse 2 spin-off e están aprobadas outras 3, sendo previsible pechar o ano con 3 ou 4 creadas. Tamén se medrou considerablemente no número de patentes solicitadas (20 ata finais de outubro) e o apoio de 14 proxectos de valorización.

No ámbito das spin off estase negociando unha proposta de venda, tras facer unha valoración da participación por parte da Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento (AVTE).

A posta en marcha do acelerador de transferencia en Ciencias Sociais e Humanidades permitiu apoiar 7 proxectos de 21 presentados, e a mellora nos procesos de difusión e comercialización das tecnoloxías finalizou coa formalización de 4 novas licenzas. Tamén se identificou novo coñecemento valorizable mediante unha nova edición do programa Ícarus que acadou preto de 70 proxectos presentados.

No relativo ao impulso da creación de iniciativas multidisciplinares baseadas na tecnoloxía e na intelixencia artificial, estase a lanzar un programa de incubación cos fondos captados coa Cátedra de Ciberseguridade que pretende apoiar a 10 proxectos e que se iniciará a principios de 2025.

O fomento do espírito emprendedor do estudiantado realízase a través da súa incorporación ao programas tradicionais Explorer e Argos e do campus de Emprendemento. Ademais destas iniciativas realizouse un novo Hackathon coa participación de 50 estudantes.

O desenvolvemento do novo convenio de Innovatia 8.3 permitiu levar a cabo 6 accións de sensibilización en universidades, formación a 50 emprendedoras y la adhesión de 48 universidades.

Todo isto, en termos orzamentarios, supuxo unha execución media do 80% do orzamento previsto prevendo que ata final de ano se complete ata o 100%.

Liñas instrumentais

4. Os medios necesarios

Durante o ano 2024 continuou o desenvolvemento das liñas e actuacións previstas no Plan de Infraestruturas, aprobado en decembro de 2019 pero que segue tendo vixencia como se mencionou no apartado 2 das presentes liñas.

Nestes ano rematouse o proxecto de execución para a construción do novo centro de Ciencias da Saúde e resta licitar a obra da primeira fase, a sede da Facultade de Farmacia. Unha vez rematada esta fase poderán iniciarse os traballos da segunda, de edificación da sede da Facultade de Enfermería.

No caso da reforma integral da Facultade de Medicina e Odontoloxía, realizáronse importantes obras no edificio de Odontoloxía, redactouse o proxecto de execución para a reforma da sede da facultade e prevese licitar a primeira fase da reforma no último trimestre de 2024 de forma que comecen as obras a principios de 2025 no edificio de San Francisco.

Na Facultade de Química redactouse o proxecto básico para a reforma integral, o proxecto de execución para a primeira fase, que afecta ás instalacións xerais do edificio e aos laboratorios de docencia, e estanse a executar as obras desta fase, con remate previsto a finais de 2024.

Os traballos para a rehabilitación integral da Facultade de Xeografía e Historia concretáronse na aprobación do preceptivo Plan Director e na redacción do correspondente proxecto de execución, que se prevé rematar en 2025, se ben houbo unha novidade que determina a necesidade de realizar actuacións urxentes. Concretamente trátase dunha greta no depósito da Biblioteca debido ao peso da colección que se aloxaba alí. Como medida paliativa procedeuse a despexar e limpar a antiga cafetería que estaba en espera de ser reformada, e aloxouse alí a colección que polo peso non era posible manter no actual depósito.

O Consorcio da Cidade de Santiago, que foi o que realizou o Plan Director pois estamos falando dun conxunto histórico declarado Patrimonio da Humanidade, ten representación do Concello, da Xunta e do Estado e amosou a súa disposición para unha solución ao problema detectado que sexa definitiva.

Está aínda pendente de rematar o deseño do proxecto de ampliación e reorganización da zona de aulas e laboratorios da Facultade de Física.

No que se refire á mellora das instalacións e do modelo de xestión, no 2024 rematouse a instalación de oito novas instalacións fotovoltaicas, licitouse a obra de construción dunha central de biomasa e rede de calor para os centros do campus de Lugo e licitouse o novo contrato de mantemento e xestión enerxética, que permitirá ordenar os traballos de mantemento de instalacións e orientalos á mellora da eficiencia e aumento do aforro no consumo de subministracións

enerxéticas. Durante o 2024 continuouse coa adopción das medidas do Plan de Estratexia Enerxética da USC, que permitiron lograr aforros substanciais nos consumos enerxéticos durante estes últimos anos. Ademais destas medidas organizativas, realizouse un esforzo de investimento importante para a renovación de cubertas, carpintarías e outros elementos de illamento pasivo en varios centros docentes e administrativos.

Na liña 4, referida á redistribución de unidades administrativas e de servizos, continuáronse os traballos que ao longo dos últimos anos permitiron a renovación de numerosas dependencias, como o Pavillón de Servizos, a área de xestión e goberno do Campus de Lugo, as Vivendas dos Funcionarios ou as unidades de xestión de varios centros. Neste último ano iniciáronse os traballos de reordenación do Pavillón Estudiantil, ampliando a área administrativa á antiga cafetería, para concentrar os servizos de información ao estudiantado na planta baixa.

En relación á mellora urbana e á organización da mobilidade nos campus, obxecto da liña 5 do Plan, no 2024 continuáronse os investimentos de mantemento e actualización da vías, beirarrúas e mobiliario urbano dos campus, completouse a urbanización das vías do campus de Santiago e púxose en marcha o programa eBici, para favorecer a mobilidade alternativa entre as principais instalacións dos campus. No que se refire aos aspectos de mellora dos campus que dependen da colaboración cos concellos, no caso do Concello de Santiago asinouse un protocolo de colaboración para dar soporte ao compromiso de transferencia das vías e instalacións xerais ao concello e estanse a tratar os aspectos relativos á transferencia das redes de instalacións e á propiedade das vías e instalacións no subsolo.

Ademais das actuacións previstas explicitamente no plan, continuouse a investir nos edificios e instalacións do centros mediante a descentralización do orzamento para obras e o cofinanciamento das obras máis importantes. Así mesmo, realizáronse importantes actuacións no antigo edificio Emprendia, para acoller os estudos de Intelixencia Artificial e espazos de traballo do Departamento de Electrónica e Computación.

No que se refire á administración e optimización de espazos, a USC dotouse dun Regulamento de xestión e uso dos espazos. Durante o ano 2024 continuáronse a aplicar as disposicións do regulamento, manténdose o funcionamento ordinario da Comisión xeral de espazos, cuxa actuación máis relevante foi a reordenación de espazos docentes e de investigación no campus sur.

Na anualidade 2024 avanzouse no proceso de dotación da institución de ferramentas de comunicación, así como na formación do persoal no uso das implementadas dende a posta en marcha do proceso de renovación da xestión de contidos institucional.

A comunicación externa e a comunicación interna atópanse neste momento nun período de crecemento en termos de emprego de ferramentas das que dispón a institución e tamén en termos de eficacia debido aos diferentes ritmos de aprendizaxe das persoas que nos centros, servizos e outras unidades teñen permisos de edición, creación e difusión de contidos. A adaptación do tecido institucional ao uso do novo xestor de contido está a permitir mellorar a imaxe, a través do sitio web institucional, así como a comunicación interna, a través de ferramentas como a intranet, a cartelaría dixital e a aplicación móbil oficial institucional.

Por outra banda, realizáronse dúas grandes campañas de publicidade en medios tradicionais e dixitais e participouse en 21 feiras de información e orientación universitaria tanto presenciais como virtuais e ata final de ano está previsto ter presenza en tres eventos máis deste tipo.

Todas estas accións, como é lóxico dado o carácter transversal da comunicación, desenvolvéronse en coordinación con outras áreas, nomeadamente as vicerreitorías, a xerencia e as Áreas de Infraestruturas e de Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

No proceso de renovación da páxina web institucional, procedeuse ao peche de OpenCMS como xestor de contido e puxéronse en funcionamento un total de 44 páxinas web dentro do sitio institucional de diferentes estruturas e servizos, así como 15 webs específicas para congresos ou espazos singulares.

5. A transformación dixital

No relativo á transformación dixital, en 2024 implantouse unha aplicación para a xestión dos menús nos comedores universitarios. Entre outras vantaxes aporta unha identificación dos usuarios por colectivos para que os estudantes e a comunidade universitaria opten a prezos reducidos e permitirá xestionar os bonos comedor.

Iniciouse a análise da aplicación SICUS para poder realizar a integración dos datos de gasto realizado no orzamento da USC no sistema contable Xumco. Este sistema deberá estar funcionando a 1 de xaneiro de 2025, implicará a transmisión automática das operacións contable de gasto e a contabilización das operacións contable de ingresos, tanto de operacións orzamentarias como non orzamentarias, substituíndo ao actual sistema contable SIC.

Na área da xestión académica, a aplicación Xescampus tivo que evolucionar para dar soporte aos cambios normativos derivados da subvención do 99% da matrícula pola Xunta de Galicia e o comezo da cotización á Seguridade Social dos estudantes con prácticas formativas non remuneradas.

Continuouse traballando cos centros na renovación das súas infraestruturas dando asesoramento no deseño das solucións, na xestión e na posta en marcha.

Noutras actuacións, incrementáronse as pantallas de carteleira dixital nos centros, e tamén se migrou a ferramenta de xestión do Arquivo Histórico á plataforma Galiciana.

No relativo á seguridade da información, en relación coa certificación de cumprimento co Esquema Nacional de Seguridad (ENS), tras as modificacións normativas introducidas nesta materia polo Real Decreto 311/2022, de 3 de maio, cumpriuse plenamente a previsión establecida coa obtención dunha nova certificación o día 14 de xuño de 2024. Con respecto ao desenvolvemento do proxecto PROTDAT, no que participa a nosa Universidade e que ten por obxecto deseñar unha ferramenta informática para a xestión dos procedementos de protección de datos e seguridade, en 2024 avanzouse significativamente no seu deseño e neste momento está en fase de probas.

Respecto do Boletín Oficial da USC, rematou o seu deseño e iniciouse a fase de implantación. Neste momento foi xa impartida a formación técnica ás persoas que van interaccionar neste proceso e vaise proporcionar o software necesario para realizar as probas de uso previas á súa posta en funcionamento que se estima para xaneiro de 2025.

No ano 2024 introducíronse algunhas melloras na Sede electrónica para cumprir coa obriga de emisión de copias electrónicas auténticas. Tamén se abordou a descrición funcional necesaria para dotármonos dunha ferramenta específica para a xestión e rexistro de convenios e protocolos xerais de actuación.

6. A colaboración institucional

Como en exercicios anteriores, a colaboración coas institucións da contorna máis próxima permitiu levar a cabo actuacións de interese. Polo que respecta aos Concellos, en Santiago, asinouse un protocolo que recolle as demandas da USC no que se refire á posta en valor da actividade docente e investigadora, deportiva, cultural, patrimonial e de mellora e mantemento de infraestruturas. Este protocolo deu lugar á constitución de catro grupos de traballo para avanzar na colaboración administrativa e, en especial, na mellora dos Campus. No caso de Lugo, renovouse coa subscripción dun novo convenio, a colaboración para a xestión do museo da Domus Mitreo abrindo a posibilidade de solicitar a cualificación de centro museístico de conformidade coa Lei 7/2021, do 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia o que permitirá a súa integración na rede de museos de Galicia.

As Deputacións provinciais de Coruña e Lugo continúan amosando o seu firme apoio á Universidade mantendo as colaboracións estables para a mellora dos Campus, actividades deportivas e actividade docente no caso do grao en Veterinaria en Lugo, e actividades de igualdade tal e como se describe máis adiante. Destaca nesta colaboración, no Campus de Lugo, a posta en marcha dun servizo de bus para que o estudantado realice prácticas, singularmente na Granxa Gayoso Castro por parte dos estudantes do grao en Veterinaria.

No que se refire ás actuacións acordadas coa Consellaría de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, comezou a reforma integral do Observatorio Astronómico Ramón María Aller e do inmovible coñecido como Chalé dos Catedráticos, co obxecto de convertelo na sede dun centro de investigación nas ramas de ciencias sociais e humanidades. Ambas actuacións están dotadas con fondos procedentes de convenios coa Consellaría, ao igual que o acondicionamento de espazos dedicados á divulgación científica no Instituto da Lingua Galega.

Polo que respecta á actividade deportiva, consolidouse a rede de colaboración entre a USC e o tecido deportivo galego. Ademais tamén se levaron a cabo encontros coa Unión de Federacións Deportivas Galegas que aglutina ao 90% das federacións galegas para definir unhas liñas de acción conxunta arredor do deporte de alto nivel e da promoción da práctica físico-deportiva para toda a comunidade universitaria. Durante 2024 asináronse preto dunha decena de convenios e colaborouse coa organización de actividades deportivas, sendo determinante para a implementación efectiva do Plan de Proxección Social no ámbito deportivo.

O ESCENARIO ECONÓMICO

No escenario internacional, lamentablemente, temos que reiterar a inestabilidade xeopolítica polo que deixa de ser unha novidade despois de tres exercicios consecutivos. Á guerra en Ucraína súmase o xenocidio en Palestina, cun estado de Israel decidido a converterse en hexemónico pola forza nesa latitude e sen que os equilibrios das potencias internacionais actúen de contrapeso. As recentes eleccións en Estados Unidos poñen enriba da mesa a interrogante dun posible xiro radical da política exterior que permita o ascenso e a actuación por libre de Rusia, China e tamén Israel.

A nivel estatal tamén podemos destacar a inestabilidade, escenificada á perfección durante o proceso electoral en Cataluña, sen orzamentos aprobados nin acordos relativos ao sector público que permitan algunha pista sobre un escenario a curto prazo, e cun escenario político xudicializado que tampouco arroxa máis pistas.

Cómpre destacar que os indicadores económicos do Estado continúan sendo bos e están referendados por distintas autoridades. O prognóstico máis recente foi realizado por Bruxelas e eleva a previsión de crecemento para España ao 3% estimando, así mesmo, que cumprirá o obxectivo de déficit. Será preciso, non obstante, ver os efectos que a DINA ocorrida en Valencia o 29 de outubro terá para a economía de España. Ademais de ter que lamentar a perda de vidas, esta comunidade precisará apoio económico para a súa reconstrución que se cifra en 31.000 millóns, dos que polo momento o Goberno estatal habilitou preto de 14.000 con distintos instrumentos.

A nivel galego a renovación do Parlamento e do goberno da Xunta de Galicia auguran un novo ciclo de catro anos de certa estabilidade, no que será moi relevante para a Universidade a negociación do vindeiro Plan de Financiamento.

Aínda así, é razoable agardar que esta certa estabilidade económica nos permita xestionar os retos da institución, con rigor, con prudencia pero tamén coa audacia que permite ter unhas contas saneadas, sen perder de vista que en 2026 rematarán os fondos Next Generation e que temos que ser quen de estar preparados para a baixada de recurso que isto pode supor.

No relativo ao escenario económico nacional e internacional, mantense a incerteza sobre a súa evolución. Porén parece que a volatilidade de prezos está remitindo, derivada das políticas monetarias restritivas para frear a inflación e de que os mercados enerxéticos amosan unha tendencia a baixa. Isto está dando lugar a certa activación económica que permite augurar un escenario internacional de crecemento económico, se ben inferior á media histórica. Pese a todo, non se pode deixar de destacar o incremento presente nos prezos do aluguer, que ocasiona a maior problemática actual para o estudiantado galego.

Os principais organismos internacionais e nacionais prevén un crecemento modesto na zona euro para os anos 2024 e 2025 se ben España estará por riba da media. As estimacións máis recentes de crecemento realizadas pola Unión Europea para 2024 sitúan o crecemento de no 3% e nun 2,3% para 2025. Porén advirte do efecto que pode ter a recente DINA na economía española.

Hai que ter en conta que o sector servizos é o que está actuando como motor na economía pero, precisamente nel, a alza dos salarios mantén unha maior resistencia subxacente á baixa. A Comisión Europea prevé a diminución da inflación que se quedará nun 2,5% en 2024 e chegará ao 2,1% en 2025.

Pola súa banda, o proxecto de orzamentos de Galicia para o ano 2025 prevé un escenario macroeconómico no que haberá certa evolución positiva da economía galega, ficando o crecemento do PIB no 1,8% en 2023, elevándose ao 2,1% en 2024 e cunha previsión do 1,8% en 2025.

Porén, como sinala o informe, a inflación continúa en taxas elevadas, motivada principalmente polas presións na demanda e o incremento dos salarios destacando a suba dos prezos na restauración e turismo.

O escenario macroeconómico completo é o seguinte:

Cadro macroeconómico Galicia. Variación anual en %

	2023	2024	2025
<i>Gasto en consumo final</i>	1,1	1,5	1,6
- <i>Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF</i>	0,5	1,1	1,7
- <i>Gasto en consumo final das AAPP</i>	3,0	2,4	1,6

<i>Formación bruta de capital</i>	-0,7	2,7	3,5
<i>Achega demanda interna¹</i>	0,8	1,6	1,8
<i>Exportación de bens e servicios</i>	1,5	3,7	3,9
<i>Importación de bens e servicios</i>	-0,3	3,2	4,5
<i>Achega demanda externa¹</i>	1,0	0,5	0,0
<i>Produto interior bruto (PIB)</i>	1,8	2,1	1,8
<i>Produto interior bruto nominal</i>	7,2	5,3	4,1
<i>Deflactor do PIB</i>	5,3	3,2	2,3
<i>Emprego. PTETC</i>	2,0	1,6	0,5
<i>Taxa de paro²</i>	9,7	9,2	9,1

¹ Contribución en puntos porcentuais

² % da poboación activa

Fonte: IGE

Data peche previsións: 10 xullo 2024

Esta información determina a evolución dos distintos subfondos que compoñen o Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026 para o 2025, que están suxeitos a actualización segundo os seguintes criterios:

MASAS	SUBFONDOS	Criterio Evolución
FINANCIAMENTO NON CONDICIONADO	1. CUSTE ESTÁNDAR	<i>Masa salarial</i>
	2. SERGAS, INEF persoal	<i>Masa salarial</i>
	3. INEF funcionamento	<i>Deflactor PIB</i>
	4. SUBFONDO GASTO FUNCIONAMENTO (Gasto corrente e gasto de capital)	<i>Deflactor PIB</i>
	5. COMPLEMENTOS RETRIBUTIVOS (estatais e autonómicos) E COMPENSACIÓN POR MATRÍCULAS	<i>Complementos viventes</i>
	6. COSTES ASOCIADOS AO FUNCIONAMENTO DO SUG	<i>Constante agás ACSUG (masa salarial)</i>
	7. PANEL DE INDICADORES	<i>PIB real</i>
	8. SUBFONDO DE ESTABILIDADE FINANCEIRA, EFICIENCIA E MELLORA ESTRATÉXICA	<i>5% de 1 e 4</i>
FINANCIAMENTO DA INVESTIGACIÓN	9. FOMENTO I+D+i e a TRANSFERENCIA	<i>Dobre da taxa de referencia do crecemento do PIB</i>
	10. Fondos Europeos	<i>PO FEDER/FSE</i>

A contía dos subfondos de financiamento non condicionado evoluciona no seu conxunto un 2,59%, fronte ao 3,2% que se incrementa o orzamento da Xunta de Galicia.

Desa contía, a USC incrementa un 3,8% a transferencia do conxunto de fondos non condicionados con respecto a 2024.

Cómpre sinalar, pola súa novidade, o novo marco de supervisión fiscal europeo que pon o foco na sostibilidade da débeda no medio prazo, adaptando os requisitos de esforzo fiscal á situación orzamentaria de partida e ás perspectivas de crecemento de cada país. A análise da sostibilidade da débeda será a que determine o esforzo fiscal estrutural primario que, xunto co escenario macroeconómico, establece a regra de gasto. O elemento central do Plan Estrutural de Política Fiscal é o compromiso relacionado coa taxa de crecemento do gasto primario neto financiado a nivel nacional.

As novas regras fiscais establecen, pois, límites máis estritos para o déficit orzamentario e a débeda pública.

O Plan Fiscal e Estrutural 2025-2028, do 15 de outubro, que o Goberno de España remitiu á Comisión Europea prevé un crecemento para a economía española do 2,7% para o 2024, que baixará ao 2% nos anos 2025 e 2026. Pola súa banda, contempla un obxectivo de déficit do 2,5% para o conxunto das administracións públicas e do 0,1% para as comunidades autónomas que se situarán no 2,1% en 2026 e en 2027 deberá baixar ao 1,8%.

Como consecuencia do Plan Estrutural de Política Fiscal establécese a taxa de referencia para os efectos de determinar, nos termos que se detallarán no apartado seguinte, o límite de gasto para o ano 2025 e que queda referenciada nun 3,2%.

Pola súa banda, o proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia contempla un déficit cero, sinalando a imposibilidade de recorrer ao endebedamento como fonte de financiamento sen incumplir a regra de gasto.

En canto os fondos asociados ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, a Comisión Europea aprobou a Adenda del Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España co obxectivo de mobilizar a totalidade dos fondos europeos Next Generation EU antes do 2026 e completar o proceso de modernización económica en marcha. Isto sitúa a execución no 60% -48.300

millóns de euros- e abre a posibilidade de recibir, entre transferencias e préstamos, ata a totalidade de 100.000 millóns de euros en 2025 e 2026, ano de remate do Plan. En definitiva, prevese que a execución dos fondos Next Generation EU adquira un maior dinamismo nos dous próximos anos e impacte con mais intensidade.

LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO

O ano 2024 supuxo a volta ás regras fiscais, despois de varios anos aplicando a cláusula de salvagarda para apoiar as economías fronte aos efectos da pandemia por coronavirus. Neste ano Europa aprobou un novo marco fiscal co obxecto de que sirva para canalizar as finanzas das Administracións europeas, reducindo a débeda ata niveis sostibles o que permitirá ter certa capacidade de manobra fronte a acontecementos desfavorables futuros.

Este marco desenvolveuse a través de tres regulamentos europeos novos ou modificados, que son de aplicación directa ás lexislacións nacionais, o Regulamento (UE) 2024/1263 relativo á coordinación eficaz das políticas económicas e á supervisión orzamentaria multilateral, e a corrección dos Regulamentos (CE) n.º 1466/97 sobre coordinación de políticas económicas e supervisión orzamentaria e n.º 1467/97, relativo á aplicación do procedemento de déficit excesivo, e da Directiva 2011/85/UE, sobre os marcos orzamentarios dos Estados membros.

Neles establécese o límite de gasto non financeiro como aquel límite que permite establecer a contía máxima do orzamento do vindeiro exercicio, para o que se realiza un cálculo que parte da estimación dos recursos non financeiros para 2025, tendo en conta o obxectivo de estabilidade orzamentaria fixado pola Comisión Europea, as restantes regras fiscais coas que debe gardar coherencia e os axustes de contabilidade nacional, que permiten achegar unha cifra comparable en termos de contabilidade nacional ou orzamentaria.

O novo marco trata de promover a implicación nacional e céntrase en maior medida no medio prazo. Para iso, baséase nun plan plurianual presentado por cada Estado membro que xira en torno a esa taxa de referencia do gasto, e que se combina cun control do cumprimento que semella máis realista, máis efectivo e máis coherente.

No Informe de estratexia financeiro-fiscal para 2025 dise que a Comunidade Autónoma non recibiu información por parte do Ministerio sobre como se van aplicar as novas regras fiscais nin sobre a evolución da senda de gasto primario

neto nos vindeiros anos, ou como se vai distribuír entre os diferentes niveis de administración.

Soamente se estableceron novamente parámetros de déficit e débeda entre os distintos subsectores da administración, limitándose a concluír que con eses niveis de déficit, débeda e regra de gasto para o período 2025-2027 as administracións españolas cumprirían coas esixencias da Comisión.

A regra de gasto para o dito período, recolle as seguintes taxas de referencia para cada un dos devanditos anos: 3,2%, 3,3% e 3,4%, o Ministerio manifestou que a regra de gasto era acorde e compatible coa taxa de crecemento do gasto.

Neste escenario de incerteza para poder calcular o límite de gasto non financeiro o goberno galego decidiu aplicar o disposto no actual artigo 12.1 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira pero entendendo que podería non ser compatible co previsto no Regulamento 2024/1263 relativo á coordinación eficaz das políticas económicas é a supervisión orzamentaria multilateral.

Tendo en conta que a USC se integra a efectos orzamentarios na Comunidade Autónoma Galega, neste exercicio o cálculo do límite de gasto non financeiro axustarase aos criterios determinados no Informe de estratexia financeiro-fiscal da Xunta de Galicia

Ao abeiro do disposto no artigo 12.1 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, a variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais non poderá superar a taxa de referencia.

A taxa de referencia, establece o límite á variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónoma e das Corporacións locais, e sitúase no 3,2%, 3,3% e 3,4% para 2025, 2026 e 2027 respectivamente, segundo se desprende do informe de situación da economía española para 2024 presentado no último Consello de Política Fiscal e Financeira.

Para os efectos do calculo do teito de gasto, seguindo as instrucións da Comunidade Autónoma, partimos do importe de ingresos non financeiros do ano 2024 correspondente aos recursos do plan de financiamento e a outros recursos non condicionados aos que se lle aplica a taxa de referencia, para o ano 2025 fixada no 3,2%:

Concepto	2024 inicial
Recursos PGFU non condicionado	178.817.628,79
Outros recursos (cap. 3, 4, 5 e 7)	48.680.996,21
Total recursos non condicionados	227.498.625,00
Taxa de referencia 2025 3,2 %	234.778.581,00

Este importe increméntase polos recursos previstos para o ano 2025 doutras administracións e polos fondos Next Generation.

Concepto	2025
Recursos non condicionados	234.778.581,00
Fondos outras administracións	86.283.619,39
Fondos Next Generation	6.654.554
Total	327.716.754,14

De acordo co anterior, o límite de gasto non financeiro da USC para o exercicio de 2025 é de 327.716.754,14 millóns de euros.

É importante ter en conta que ademais do límite de gasto a Universidade debe respectar as restantes regras fiscais entre as que se atopa a imposibilidade de incorrer en déficit non financeiro.

LIÑAS ESTRATÉXICAS E INSTRUMENTAIS PARA O 2025

Estas liñas xerais poderían resumirse como “Pechando un ciclo, sentando as bases do futuro”. Como se adiantaba ao inicio cómpre rematar un ciclo orzamentario. Case con total probabilidade estes orzamentos serán o peche dun ciclo electoral, pois é previsible que a seguinte convocatoria se realice a finais de 2025. A hixiene democrática esixe que, igual que nas pasadas eleccións, o goberno saínte non comprometa orzamentariamente as políticas do goberno entrante.

A modo de peche, polo tanto, cómpre manter os obxectivos que veñen caracterizando as accións principais en materia orzamentaria nos últimos anos, que serven para a planificación a todos os niveis, e que en 2024 se enunciaban como segue:

- Unha USC máis sustentable, sostible e eficiente
- Unha USC con maior proxección social, con maior inserción no tecido social e mesmo na contorna urbana
- Unha USC que se proxecta no mundo, con seguridade, con orgullo e con moito potencial
- Unha USC que sexa un exemplo de boa administración, cun liderado no ámbito administrativo máis eficiente e eficaz, con vocación de servizo público
- Unha USC que forme persoas con valores, importante para o desenvolvemento da nosa sociedade, entre os que terán un papel destacado a igualdade, a saúde integral e a atención ás consecuencias do cambio climático.

Aos que cabe engadir:

- Unha USC máis galega, que aposte pola lingua común da universidade, potenciando o galego dentro e fóra da institución e garantindo o seu uso en todos os ámbitos universitarios.
- Unha USC internacionalmente consciente, que se posicione publicamente a favor da loita pola defensa dos dereitos humanos, que sexa crítica con aquelas situacións que atenten contra os mesmos e colaborativa na medida do posible con aqueles colectivos que se vexan afectados por tales ataques.

Con base nestes principios as accións que se propoñen para 2025 teñen como fin rematar o ciclo iniciado en 2019 e, singularmente, coas seguintes: a consolidación das políticas de axuda ao estudantado, a execución dos plans de persoal, a creación de estruturas de investigación, a plena integración en EUniWell, a consolidación do proceso de descentralización da investigación e a consolidación da colaboración institucional, así como a rehabilitación e ampliación das prazas nas residencias públicas.

Porén, un goberno responsable non pode quedarse aí. Non basta con pechar porque a institución permanece aínda que muden os responsables. A lealdade institucional obriga a establecer con accións concretas as bases para un futuro máis próspero da USC. Bases que de ningún modo poden comprometer políticas concretas pero que deben acadar o consenso suficiente para dotar de estabilidade á institución.

Estas bases deben xirar arredor de 6 ideas, que aínda que poidan parecer tópicos, pola súa relevancia cara ao futuro deben reforzarse coas accións que se poidan implementar nestes orzamentos. Estas ideas interrelacionanse e complementáanse co fin de facer unha USC máis forte:

- **Autosuficiencia e eficiencia:** investimento en enerxías renovables que permitan aforrar no capítulo II, xestión a través da Fundación USC que permita xerar menor custo (sen que en ningún momento desenvolva funcións propias da universidade ou dos seus cadros de persoal), aumentar a xeración de custos indirectos mediante a captación de recursos e incrementar os créditos matriculados en titulacións oficiais.
- **Reforzar a captación de estudantes:** cómpre mellorar a proxección social da Universidade e aumentar a internacionalización facilitando a incorporación de estudantes e facendo atractiva a Universidade.
- **Atender as necesidades do estudantado:** cómpre traballar nesta liña para garantir un ensino de calidade para as estudantes da USC, polo que son de principal urxencia actuacións como a mellora das residencias públicas, aumentando o número de prazas vixentes e rehabilitando aqueles edificios destinados a aloxamento público do estudantado.

- **Consolidar a investigación e incrementar a transferencia:** temos estruturas de investigación sólidas, hai que continuar apoiándoas pero temos que apoiar as novas estruturas e mellorar o apoio á transferencia e ao emprendemento. É aquí onde a USC máis pode medrar.
- **Fortalecer as relacións coa contorna:** dentro da proxección social da institución as relacións coa contorna e a percepción que a sociedade ten da comunidade universitaria é realmente importante para conseguir apoios e colaboración doutras entidades e administracións.
- **Aumentar a axilidade e eficacia:** urxe desburocratizar a xestión e introducir flexibilidade na xestión dos procedementos, especialmente nos que afectan ao estudantado e á investigación.

No contexto económico actual ter unhas finanzas públicas saneadas e dispor dunha planificación rigorosa baseada nestas ideas forza pode garantir a medio prazo que os obstáculos conxunturais non nos desvíen dos obxectivos estratéxicos que temos establecido e que nos permitan afrontar os retos e necesidades do futuro.

Para cumprir con todo o anterior, cómpre agora detallar as liñas estratéxicas e instrumentais para o 2025.

LIÑAS ESTRATÉXICAS

1. As persoas
2. A docencia e a internacionalización
3. A investigación
4. A transferencia e o emprendemento

LIÑAS INSTRUMENTAIS

5. Os medios necesarios
6. A transformación dixital

LIÑAS ESTRATÉXICAS

1. As persoas

1.1 O estudantado

En 2025, a atención ao estudantado en situación de vulnerabilidade continuará sendo unha acción estratéxica. Mantéñense, polo tanto, as tres actuacións principais con unha dotación de 815.000 €:

- Axudas á manutención, para o consumo de menús nas cafeterías e comedores universitarios.
- Axudas complementarias ao estudo para sufragar parcialmente os gastos de aloxamento, transporte, e/ou material de estudo que as persoas matriculadas en estudos de grao ou mestrado na USC deban afrontar durante o curso 2024/2025.
- A Unidade de Atención Psicolóxica, como xa se comentou, aumentou o número de horas dispoñibles por riba do pactado nos orzamentos anteriores, pero as crecentes necesidades neste ámbito por parte da comunidade universitaria esixen un maior esforzo, polo que a Universidade procurará obter os recursos precisos para incrementar o orzamento deste servizo así como a dotación do Servizo de Participación e Inclusión Universitaria.
- Axudas ás situacións especiais.

En 2025 a Vicerreitoría de Estudantes e Cultura aposta pola consolidación das cinco liñas principais de actuación cun incremento de orzamento de 50.000 euros, centradas fundamentalmente no estudantado:

- Consolidación dunha programación cultural, sostible, actual e autónoma. Aumentarase o orzamento destinado a axudas ao desenvolvemento de actividades de dinamización físico deportiva e cultural do estudantado e nos centros, unha das iniciativas de máis éxito da Vicerreitoría de Estudantes e Cultura.
- Reforzo da proxección da universidade como entidade de divulgación cultural e científica e das súas redes co tecido cultural galego.

- Compromiso co aumento da financiación da representación e participación do estudiantado, elevando a partida destinada ao financiamento do Consello do Estudiantado aos 8.500 €, e garantido que o máximo órgano de goberno do estudiantado poderá dispoñer dos recursos e medios institucionais que precise para a realización das súas funcións.
- Compromiso coa formación integral do estudiantado
- Reforzo e optimización dos servizos de apoio ao estudiantado
- Iniciativas de apoio ao estudiantado

1.2 O persoal

A formación do persoal é unha cuestión transversal que afecta a todos os colectivos. Desde o Centro de Formación de Persoal, co fin de completar o desenvolvemento da totalidade da Estratexia de Formación da USC 2023-2026 e apoiar a implementación do Plan do PTXAS 2024-2025, realizaranse as seguintes accións, cun incremento de 50.000 € con respecto ao ano anterior:

1. Consolidar o programa formativo de dirección e liderado.
2. Iniciar o programa formativo de Acollida para o PTXAS.
3. Abrir novas tipoloxías de actividades formativas (mentoraxe, laboratorios de innovación...) que favorezan o aproveitamento do capital intelectual da organización, especialmente diante do reto das xubilacións masivas.
4. Iniciar o programa de formador/a de formadores/as.
5. Mellorar a calidade da oferta na modalidade de autoformación.
6. Acceso á formación en todos os ámbitos, especialmente na aprendizaxe de idiomas, en igualdade de condicións para todo o persoal.

Ademais do anterior, cómpre poñer en marcha un programa de reforma administrativa que alixeire a sobrecarga burocrática e estableza fluxos de

traballo e ferramentas informáticas eficaces de apoio á docencia, á investigación e á transferencia.

Tendo en conta que as partidas do ámbito do persoal constituirán un total conxunto, que deberá servir para dotar suficientemente o cumprimento dos obxectivos e compromisos de planificación dos distintos ámbitos de persoal, procede agora unha análise das actuacións diferenciadas por colectivos, das que destacan as seguintes:

No relativo ao Persoal Docente e Investigador manteranse as políticas de renovación xeracional, consolidación, destacando neste ano a adaptación ás novas figuras da LOSU, con especial atención ao proceso de estabilización do profesorado axudante doutor.

Así mesmo, avanza na implantación do programa Docencia, para que esta sexa efectiva a partir do curso 2025-2026.

Estas actuacións terán unha dotación extraordinaria de 900.000 €.

Polo que respecta ao persoal técnico, de xestión, administración e servizos, continuarase cos procesos de reforma da Relación de Postos de Traballo (área de Economía, Investigación e outras) normalizar a provisión de postos e redefinir a Acción Social (en particular, as achegas ao plan de pensión e axudas de matrícula).

Como novidade, avanza no desenvolvemento da carreira horizontal para poder acadar en 2025 arredor das dúas terceiras partes dos importes que por este concepto correspondan, en función do grao profesional acreditado polo persoal da USC; o que requirirá tamén nos anos seguintes da continuidade no esforzo orzamentario, que permita culminar a súa plena implementación.

Estas actuacións estarán dotadas con 900.000 €.

Canto ao persoal investigador e de apoio á investigación avanza a negociación e mellora das súas condicións laborais na procura dunha mellor regulación que recoñeza a especificidade das súas funcións, que desenvolva

unha carreira profesional adaptada ao seu ámbito e que reduza a conflitividade xudicial.

Ademais, manterase a política de fomento da iniciación da carreira investigadora a través de convocatorias de contratos para persoal investigador en iniciación e persoal contratado predoutoral.

Asegurarase a convocatoria de, cando menos, 8 contratos predoutorais de 2 anos de duración, prorrogables por outros dous. Destinarase un total de 220.000 euros anuais para estas convocatorias.

Para establecer os criterios de selección nas convocatorias destes contratos serán consultadas a representación sindical e as asociacións de persoal investigador da USC.

A USC adoptará a mesma estratexia de planificación salarial para o persoal contratado predoutoral que o Ministerio está realizando coas súas convocatorias.

A dotación será de 900.000 €.

Dentro das actuacións dirixidas ao persoal, preveranse os fondos precisos para garantir que os postos de traballo de todo o persoal da USC contén coa dotación de mobiliario e equipamento suficiente para desenvolver as súas funcións.

1.3 Impulso á promoción da vida activa e saudable

Neste ano 2025 prevese darlle un novo impulso á promoción da vida activa e saudable entre a comunidade universitaria con varias accións relevantes.

A primeira delas é a dotación no Campus de Lugo dun novo espazo para a práctica de exercicio físico libre e dirixido. A USC sendo consciente da carencia de instalacións deportivas propias no Campus de Lugo vai reformar as dúas dependencias da planta -1 da Residencia Universitaria Bal y Gay, co obxectivo de poder implantar unha Sala de Acondicionamento Físico e outra para actividades dirixidas de uso compartido coa Residencia. Esta acción irá ligada a un acordo de colaboración co Club Fluvial de Lugo (entidade deportiva con case 80 anos de historia e que conta con máis de 22.000 persoas beneficiarias das

súas actividades) para o uso dos seus espazos e dos da USC. Esta acción permitirá contar cun espazo acondicionado no propio campus e ademais facilitarlle á comunidade universitaria o acceso ás instalacións deportivos do Club Fluvial, en condicións vantaxosas.

A segunda acción, desenvolvida entre a Área Deportiva da USC e a Cátedra Institucional Vida Saudable, consiste nun programa de fomento de hábitos de vida activa e saudable nos centros docentes e de investigación, así como nas residencias universitarias. Diseñárase un modelo de espazos activos e saudables nos centros, comezando con algunha experiencia piloto, nos que se desenvolva un programa de descansos/pausas activas para a comunidade universitaria nos propios centros así como obradoiros e outras accións de difusión e formación sobre hábitos de alimentación. Estes espazos pretenden converterse en puntos de encontro da comunidade universitaria que facilite o acceso a experiencias e recursos que contribúan á adquisición de accións orientadas a loitar contra o sedentarismo, a inactividade física e unha mala alimentación.

A terceira acción consistirá en continuar mellorando o servizo de cafeterías dependente da universidade. Esta acción articularase, como mínimo, a través das seguintes medidas:

Primeira, manterase o desconto establecido no curso anterior para as cafeterías da USC en relación aos menús completos para a comunidade universitaria. Inclúese un prezo reducido para os menús de almorzo e os menús de prato único, tanto de primeiro como de segundo prato.

Segunda, as cafeterías e comedores universitarios ofertarán menús vexetarianos, veganos e para persoas con alerxias, intolerancias e restricións alimentarias. Os descontos para a comunidade universitaria serán de aplicación nos mesmos termos que para o menú de xantar.

Terceira, garantirase a calidade alimentaria das distintas concesións de cafeterías e comedores da USC a través dun programa de vixilancia da calidade nutricional dos menús. Procurarase que as macros nutricionais sexan

aceptables, o tamaño das racións adecuado, se priorice o uso de ingredientes frescos e de tempada, evitando o uso de alimentos ultraprocesados, e en conxunto se contribúa a alimentación saudable da comunidade universitaria.

A dotación económica será de 150.000 €.

2. A docencia e a internacionalización

Para o 2025 mantéñense as actuacións iniciadas no ano 2024:

- Accións de mellora das titulacións oficiais de grao, mestrado e doutoramento
- Accións para o desenvolvemento de mestrados duais
- Accións de mellora da avaliación docente nas titulacións de grao e mestrado
- Accións de dinamización e difusión da oferta formativa non oficial, incluídas as microcredenciais
- Desenvolvemento de estratexias para a atracción de estudantado internacional.
- Impulso á mobilidade tanto presencial como híbrida ou virtual.
- Reforzo das accións de cooperación internacional incorporando na convocatoria propia de axudas a persoas procedentes de zonas en conflito unha nova cota específica para estudantado procedente do Líbano e explorando vías adicionais de colaboración coa UNRWA.
- Participación dos distintos colectivos que conforman a comunidade universitaria en actividades de EUniWell.

Ademais da continuidade das accións mencionadas, que xa viñan de 2024, e as cantidades asociadas ás mesmas, a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización propón para os orzamentos de 2025 a incorporación de catro novas accións nos ámbitos da oferta académica e da internacionalización. No caso das accións relativas a este último eido, as propostas están vencelladas á implementación do Plan de Internacionalización 2024-2026 da USC, aprobado polo Consello de Goberno en xaneiro deste ano. A dotación para estas accións

será de 150.000 € que se suman aos 910.000 do exercicio 2024. Para o ano 2025 mantéñense as actuacións iniciadas no 2024. No relativo á oferta académica o orzamento previsto é de 300.000 €.

1. Apoio á mobilidade internacional do estudiantado da USC a destinos non financiados polo programa Erasmus+ (mobilidade por convenio bilateral)

Con esta medida preténdese estimular a mobilidade por convenio bilateral entre o noso estudiantado para paliar o desequilibrio existente na actualidade entre mobilidade entrante e saínte, tal como aparece recollido na acción 4.3 do Plan de Internacionalización. A proposta implica a dotación dun total de 40 axudas.

2. Impulso á captación de estudiantado de posgrao procedente de América Latina e Brasil

Como complemento ás accións implementadas durante o ano 2024 neste eido, para 2025 proponse a posta en marcha dunha nova estratexia de captación de estudantes procedentes de América Latina e Brasil, o noso espazo natural para a atracción de estudiantado, tendo en conta a proximidade cultural e lingüística con estes territorios. A nova acción implica a dotación de 7 axudas que serán xestionadas a través da AUIP (Asociación Universitaria Iberoamericana de Postgrado), á que a USC pertence dende o ano 2021. Esta iniciativa encádrase dentro da acción 2.8 do Plan de Internacionalización, contribuíndo tamén ao fomento da mobilidade física e a captación de estudiantado internacional (Liña estratéxica 4, acción 4.3).

3. Formación e implementación de iniciativas COIL na USC

A metodoloxía COIL (Collaborative Online International Learning) permite a estudiantado e PDI propio e alleo colaborar en materias existentes na USC e na universidade socia mediante a impartición dalgunha unidade temática por parte de PDI da universidade contraparte e o traballo conxunto entre o estudiantado de ambas institucións. A acción proposta encádrase nas accións 3.5 e 4.5 do Plan de Internacionalización, contribuíndo así mesmo ao proceso da denominada 'Internacionalización na Casa' (Liña estratéxica 5 do Plan) e permitirá formar ao

noso PDI na metodoloxía COIL e facilitar tecnicamente as experiencias que se leven a cabo.

4. Plan piloto de estudos de inserción laboral das titulacións impartidas na USC

Dispoñer de datos actualizados e fiables sobre a empregabilidade e a inserción laboral do estudiantado egresado resulta de vital importancia para pór en valor o catálogo de titulacións da nosa universidade en distintos contextos (por exemplo, como información pública na páxina web cara á captación de estudantes ou como argumento para a solicitude de incremento de oferta de prazas de novo ingreso diante da Comunidade Autónoma). A considerable demora dos estudos de inserción laboral realizados pola ACSUG (os últimos informes dispoñibles para graos e mestrados son do ano 2018 e corresponden ao curso 2013-2014) fai necesario o desenvolvemento dunha experiencia piloto para un conxunto limitado de títulos en 2025, coa idea de darlle continuidade en vindeiras anualidades.

5. Analizar a posibilidade de implementar, no contexto do SGC, vías adicionais para a transmisión de queixas, reclamacións ou recomendacións por parte do estudiantado sobre a actividade docente.

3. A investigación

Durante 2025 vanse realizar distintas actividades e iniciativas que contarán cunha dotación orzamentaria, a maiores dos 2.831.000 previstos en 2024, de 300.000 €.

- Estruturas de investigación:

Durante 2025 continuarase coa política de promoción de novos centros e institutos, co obxectivo de crear un instituto no ámbito da lingüística e a literatura, xa avanzado, un instituto de investigación vinculado á especialización de Campus Terra e apoiar a reformulación do Instituto de Ciencias da Educación.

En 2025 crearase una liña de axudas aos centros e institutos de investigación que non contén cun financiamento estrutural externo para que poidan

desenvolver as súas estruturas e fortalecer a súa capacidade de captación de financiamento competitivo.

- Captación de recursos:

-Neste ámbito continuarase o apoio ao persoal investigador no proceso de solicitude de axudas para a captación de recursos e atracción de talento para a incorporación de persoal posdoutoral.

-Realizaranse accións, en colaboración con centros, institutos e grupos de investigación, para dar a coñecer entre empresas, institucións e entidades sen fins de lucro, as capacidades da USC no ámbito da investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación, promovendo tamén a participación das empresas nos doutoramentos industriais.

- Manterase unha política activa cos grupos de investigación de reducidas dimensións e iniciativas individuais.

-Manterase a liña de axudas para a asistencia a actividades científicas e participación en congresos e tamén outra liña para o uso das capacidades da Área de Infraestrutura de Investigación, incluíndo as estacións biolóxicas.

- Ciencia e sociedade:

A universidade ten que avanzar máis para chegar á cidadanía, para isto a universidade debe facer un esforzo en mostrar os resultados do financiamento público que recibe á vez que poñer en valor a investigación como o camiño para resolver os retos aos que nos enfrontamos.

A USC impulsará a celebración, nas cidades nas que ten campus, da Semana da Ciencia e a Sociedade. Durante os días de celebración realizaranse diversos eventos de carácter divulgativo, xornadas de portas abertas, exposición, conferencias, buscando achegarnos á sociedade. No marco desta Semana da Ciencia e a Sociedade organizarase un evento destinado a poñer en valor a frutífera colaboración da investigación universitaria co mundo empresarial.

A USC creará un Rexistro de Asociacións para facilitar a participación activa de toda a comunidade universitaria en todos os ámbitos e, especialmente, no eido da investigación, garantindo o acceso ás axudas institucionais para o desenvolvemento das súas actividades.

- Ciencia aberta e mellora da biblioteca:

Hai que distinguir neste ámbito entre o apoio á docencia e o apoio á investigación.

No primeiro, reforzase a aposta polos recursos dixitais na docencia e desta maneira prestar tamén atención á diversidade funcional desde o punto de vista do acceso aos recursos bibliográficos, explorando tamén a posibilidade de establecer convenios coa ONCE ou entidades similares.

No relativo á segunda, continuarase co desenvolvemento do Programa da BUSC de formación en Competencias informacionais na contorna dixital, consolidando a súa implantación nos niveis de doutoramento, posgrao e PFID. Cómpre reforzar a oferta de material audiovisual (vídeos, podcast) neste tipo de formación (colaboración con Servimav e Centro de Formación do Persoal).

No relativo á ciencia aberta, continuarase mellorando e reforzando as funcionalidades do repositorio Minerva, infraestrutura esencial na Ciencia aberta. Así mesmo, potenciarase a visibilidade da produción científica institucional a través da aposta polo arquivo no repositorio Minerva e a sistematización dos datos no portal de Investigación.

Por último, mellorarase a oferta de recursos bibliográficos de calidade en formato físico e dixital, a través das coleccións propias e consorciadas.

No relativo á xestión da investigación as actuacións contempladas son as seguintes:

- Afondar no proceso de descentralización da xestión da investigación aos centros mais consolidados para axilizar os tempos de xestión, coa coordinación desde as estruturas centrais. Para iso realizarase unha formación especializada

aos técnicos de perfil xestor tanto nos centros da Rede CIGUS como nas estruturas de investigación.

- Manter e ampliar a política de reversión de ingresos por custos indirectos ás estruturas de investigación con recoñecemento da rede CIGUS, de conformidade co Plan de Financiamento 2022-2026, avanzando na súa independencia financeira a través da asunción dos custos indirectos que xera a actividade investigadora.

- A renovación das ferramentas informáticas para integrar a xestión económica e de persoal na xestión xeral.

Polo que respecta ás infraestruturas relacionadas coa investigación trataranse no seguinte apartado.

4. Impulso da actividade de transferencia e emprendemento

En 2025 destinaranse 350.000 € para impulsar a transferencia de coñecemento a través dos programas xa establecidos e de outras accións previstas, entre as que destacamos:

- Manter o impulso de proxectos de valorización a través dos aceleradores.

- A identificación de novo coñecemento a partir dos traballos dos estudantes.

- O impulso da creación de iniciativas multidisciplinares baseadas na tecnoloxía e na intelixencia artificial.

- A creación da memoria dixital da transferencia da USC.

- A implantación dos plans de transferencia para os grupos de investigación.

- A reorganización dos programas de Emprendemento.

- Crear e impulsar a rede de xestores de transferencia.

- Crear novas empresas baseadas no coñecemento, protexer o coñecemento xerado e potenciar a comercialización de resultados de investigación.

- Contribución ó desenvolvemento do territorio con iniciativas emprendedoras
- Traslado ao biopolo da bioincubadora de alta tecnoloxía

Co obxectivo de impulsar o sector biotecnolóxico e fortalecer o Biopolo, no que a USC participa a través de Uninova, a USC destinará un apoio financeiro de 100.000 euros anuais durante os próximos catro anos. Esta acción pretende atraer e acelerar proxectos biotecnolóxicos de alto impacto, reforzando o papel no ecosistema de Innovación e contribuíndo o Desenvolvemento económico sustentable do territorio.

Colaboración co ecosistema emprendedor:

Establecerase unha relación moi estreita co ecosistema emprendedor, en particular, cos polos de desenvolvemento, as aceleradoras, as *business factory* e as entidades de capital risco para que os proxectos que xurdan poidan ser incubados por todo o territorio de influencia da USC.

LIÑAS INSTRUMENTAIS

5. Os medios necesarios

A actividade principal prevista para o 2025 é continuar coa implementación das actuacións previstas no Plan de Infraestruturas, rematando os procesos de redacción de proxectos e poñendo en marcha de forma efectiva todas as obras que contan con compromisos de financiamento. Será tamén prioritario o reforzo das infraestruturas de investigación e servizos no Campus Norte.

A estas accións debe unirse a licitación inmediata da intervención integral da Facultade de Filoloxía para solucionar os problemas térmicos, de filtracións e de humidade no centro.

En particular, a primeira actuación, dentro do primeiro trimestre do ano, será a licitación da obra de construción da primeira fase do novo centro de Ciencias da Saúde, que consiste na construción da área de goberno e administración, aulario, biblioteca e laboratorios de prácticas para a Facultade de Farmacia. Ademais, executarase a primeira fase da reforma integral da sede da Facultade

de Medicina e Odontoloxía, centrada na reforma do volume da fachada da rúa San Francisco e completaranse as obras da fase inicial de reforma da Facultade de Química.

No ano 2025 rematarase o proxecto de execución para a reforma da Facultade de Xeografía e Historia o que permite planificar e facer a previsión das dotacións orzamentarias precisas para completar as diferentes fases de reforma integral do edificio e, no caso de que se dese a oportunidade, comezar coa execución efectiva da primeira fase do proxecto. Así mesmo, realizaranse as actuacións necesarias para recuperar o uso para restauración da Cafetería de Xeografía e Historia e dotaranse os recursos pertinentes a tal efecto.

Ademais tamén se rematará o proxecto de execución para o traslado da Facultade de Formación do Profesorado ao complexo docente e finalizarase o concurso de ideas para a ampliación da Facultade de Ciencias da Educación.

No 2025 finalizarase a redacción do proxecto de reforma e reorganización dos espazos docentes da Facultade de Física. En particular a obra da reforma parcial da cuberta resulta de especial urxencia, polo que se licitará coa intención de comezar a súa execución nos meses de verán.

Intensificaranse os contactos con organismos financiadores para conseguir fondos cos que renovar envoltentes da Facultade de Física, Ciencias Políticas e Sociais, Relacións Laborais, R.U. Monte da Condesa e Pavillón estudantil, priorizando aquelas intervencións que supoñan unha maior optimización enerxética.

Con afectación tanto no ámbito docente como no da investigación, destaca a reordenación dos espazos no Campus Sur, proposta pola Comisión de Espazos e disposta mediante Resolución reitoral:

1. Dedicar toda a superficie útil do edificio Intelixencia Artificial á docencia dos títulos destas disciplinas, xunto coas de Enxeñería Informática, e mais ás necesidades de espazos de traballo e investigación para o Departamento de Electrónica e Computación.

2. Consolidar as actividades do iARCUS no edificio E-295, liberando os espazos que ocupa no edificio E-300.
3. Asignar á Facultade de Ciencias da Educación os espazos do edificio E-225 que non están destinados a zonas comúns do edificio, cafetería ou biblioteca.
4. Asignar a totalidade dos espazos do edificio E-225-01 á Facultade de Ciencias da Educación.
5. Asignar os espazos necesarios para a actividade do Instituto de Investigación en Psicoloxía no edificio E-300.
6. Promover a reorganización e reforma dos espazos do edificio E-225-02 para acoller uso docentes e prestación de servizos de Psicoloxía.
7. Asignar á Facultade de Física os espazos actualmente dedicados a aulas da ETSE no andar -1 do edificio Monte da Condesa.
8. Liberar a zona de despachos de Departamento de Electrónica e Computación no edificio Monte da Condesa.
9. Trasladar as actividades de Emprendemento ao edificio E-300.

En tal caso, a reordenación de espazos producirase de maneira ordenada e paulatina, seguindo un calendario a acordar entre as partes involucradas.

No que se refire ao mantemento de instalacións, unha vez adxudicado o novo contrato de mantemento e xestión, poranse en marcha as medidas organizativas e técnicas previstas, que mellorarán a organización dos traballos ordinarios e dotarán á universidade dos medios necesarios para o control do consumo das instalacións. Tamén se porán en marcha seis novas instalacións fotovoltaicas na Escola Técnica Superior de Enxeñaría, nas facultades de Ciencias Económicas e Empresariais, Ciencias Políticas e Sociais, Psicoloxía, no edificio do iMatus e no edificio administrativo Vivendas dos Funcionarios. Continuarase a implantación de sistemas que empregan fontes de enerxía renovable completando a actuación da rede de calor do campus de Lugo e do sistema de

calefacción do edificio administrativo Vivendas dos Funcionarios, que empregará tamén biomasa.

Co obxectivo de aumentar as prazas para estudantado no Servizo Universitario de Residencias, rehabilitarase ao seu completo o edificio de San Clemente, co fin de que este volva ser unha residencia pública conseguindo un aumento de prazas para o estudantado.

No que se refire á colaboración con outras institucións en materia de infraestruturas, prevese avanzar co Concello de Santiago nos traballos necesarios para transferir as instalacións de zonas do campus que debe manter o concello. En particular, é necesario materializar as actuacións de separación das redes de alumado e subministración de auga e delimitar as zonas afectadas polo futuro traspaso de competencias, así como os dereitos de uso da USC nas zonas traspasadas.

Ademais, a USC continuará coa racionalización dos recursos a través de dúas iniciativas clave:

1. A avaliación e optimización dos softwares de uso académico e administrativo, mantendo sempre a funcionalidade básica.
2. A xestión do equipamento informático, maximizando o seu ciclo de vida e o proceso de economía circular, que permita un mellor acceso a toda a comunidade universitaria

Os investimentos previstos para o 2025 quedarían como segue:

Tipo	Fondos propios	Orzamento total
Docencia	3.381.380,65 €	7.881.380,65 €
Eficiencia enerxética	1.606.435,67 €	1.640.457,47 €
Extensión universitaria	100.000,00 €	100.000,00 €
Investigación	199.062,40 €	199.062,40 €
Mantemento dos campus	720.000,00 €	720.000,00 €
Total	6.006.878,72 €	10.540.900,52 €

Finalmente, abordarase durante o ano 2025 a actualización do Plan de Infraestruturas. Este documento demostrou a súa utilidade para manter unha

estratexia, coherente e estable no tempo, para a actualización das dotacións da USC e, na medida en que os recursos dispoñibles o permitiron, executouse en grande parte. O propio grao de execución, as novas demandas e os cambios no contexto económico e institucional aconsellan revisalo nun proceso que xere os consensos adecuados para dispor dunha estratexia estable de investimento en infraestruturas para os vindeiros anos.

Para o ano 2025, no ámbito da comunicación e a información, ademais da continuación das liñas de traballo iniciadas en anos anteriores, existen 6 eixos fundamentais:

1. Reforzar o eido da comunicación interna. Implementar a capacidade dos membros da comunidade universitaria de personalizar a información que reciben. Ademais da información de tipo predeterminado institucional que todas e todos recibimos, os usuarios que formamos parte da USC debemos ter a capacidade para elixir entre os diferentes contidos temáticos que se envían, neste momento, de forma xeral. O Consello do Estudantado poderá facer uso da lista de distribución institucional usc-estudiantes@listas.usc.gal co obxectivo de transmitir a todo o conxunto do estudantado aquela información que considere relevante para os seus representados.

Neste sentido, a creación dunha newsletter que permita superar o modelo tradicional de listas de distribución que funcione conectada co xestor de contidos institucional sobre o que funcionan o sitio web e o resto de ferramentas de comunicación e imaxe creadas, é esencial para cumprir este obxectivo.

2. Reformular a relación cos medios tradicionais para pasar de grandes campañas en períodos concretos a campañas continuas. O obxectivo é, sen dúbida, conseguir un posicionamento constante basal sen grandes picos de intensidade e evitando baixóns relacionados con épocas do ano con menos actividade (época estival ou finais de ano).

3. Formalizar os cambios na comunicación, unha vez superados os diferentes atrasos que afectaron á renovación do sitio web institucional (que remata, finalmente, no mes de decembro deste ano), así como á posta en funcionamento

doutras ferramentas afectadas pola do sitio web (como a creación da newsletter institucional prevista para o ano 2025).

6. A transformación dixital

Para 2025 mantense o impulso do proceso de transformación dixital para o que se prevé un incremento dos orzamentos nestas accións, acadando a contía de 1.850.000 €. As principais accións son as seguintes:

- Implantarase un sistema de control de asistencia a clase e a actividades culturais mediante a aplicación móbil da USC.
- Integrarase a xestión económica coa plataforma XUMCO da Xunta de Galicia, con todos os retos que un proxecto deste calado supón pola integración co resto de aplicacións da USC. Dado o alcance da iniciativa, informarase periodicamente aos órganos de goberno da Universidade do seu desenvolvemento.
- Mellorarase a ergonomía da aplicación Xescampus e, ademais de dar soporte aos cambios normativos, comezarse un piloto de migración tecnolóxica.
- Mellorarase as ferramentas de xestión de persoal e económica específicas do ámbito da investigación. En concreto, implantarase un módulo para a xestión de persoal investigador de Universitas XXI e investirase na evolución tecnolóxica do resto de ferramentas.

Na liña de potenciar os mecanismos dixitais da xestión documental cómpre:

- A dotación dun xestor documental como elemento central do arquivo dixital.
- A implementación dunha ferramenta de xestión específica para o rexistro de convenios e protocolos xerais de actuación.

VINCULACIÓN COS EIXES ESTRATÉXICOS DA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL 2023-2026

Traballando cunha visión integradora, cómpre relacionar as liñas estratéxicas e instrumentais previstas para o seguinte ano cunha planificación a medio prazo, que contén neste caso a Programación Plurianual 2023-2026. De seguido, recóllese esa vinculación:

Eixes da PP 2023-2026	Liñas estratéxicas	Liñas instrumentais
1.O estudantado e a comunidade universitaria	1. As persoas	5. Os medios necesarios 6. A transformación dixital
2.A formación e a docencia no novo contexto	1. As persoas 2. A docencia e a internacionalización	
3.Os retos na política de persoal	1. As persoas	
4.A investigación e innovación como motor de desenvolvemento	3. A investigación 4.A transferencia e o emprendemento	
5.A senda da internacionalización	1. As persoas 2. A docencia e a internacionalización	
6.Na procura de infraestruturas ecoeficientes		
7.A USC na era da transformación dixital		
8.A xestión eficiente dos recursos		

RESUMO XERAL DOS ORZAMENTOS

Na seguinte táboa preséntanse os estados numéricos dos orzamentos 2025 de acordo coa clasificación económica por capítulos:

INGRESOS

CAPÍTULO		AFECTADO	NON AFECTADO	TOTAL
III	Prezos públicos e outros ingresos	-	33.129.000	33.129.000
IV	Transferencias correntes	5.046.085	166.643.786	171.689.871
V	Ingresos patrimoniais	-	680.000	680.000
VI	Alleamentos investimentos reais	-	-	-
VII	Transferencias de capital	74.287.747	45.423.911	119.711.658
INGRESOS NON FINANCEIROS		79.333.832	245.876.697	325.210.529
VIII	Activos financeiros	-	-	-
IX	Pasivos financeiros	3.126.464	-	3.126.464
INGRESOS FINANCEIROS		3.126.464	-	3.126.464
TOTAL		82.460.296	245.876.697	328.336.993

GASTOS

CAPÍTULO		AFECTADO	NON AFECTADO	TOTAL
I	Gastos de persoal	-	188.541.097	188.541.097
II	Gastos correntes	839.835	28.339.165	29.179.000
III	Gastos financeiros	-	775.000	775.000
IV	Transferencias correntes	2.500.000	3.629.722	6.129.722
GASTOS CORRENTES		3.339.835	221.284.984	224.624.819
V	Fondo continxencia	-	750.000	750.000
VI	Investimentos reais	72.465.907	21.471.088	93.936.995
GASTOS DE CAPITAL		72.465.907	22.221.088	94.686.995
GASTO NON FINANCEIRO		89.410.083	229.901.731	319.311.814
VIII	Activos financeiros	-	-	-
IX	Pasivos financeiros	6.654.554	2.370.625	9.025.179
GASTO FINANCEIRO		6.654.554	2.370.625	9.025.179
TOTAL		82.460.296	245.876.697	328.336.993

O incremento con respecto ao ano 2024 é do 4,42%, superior ao que se produce no Plan Galego de Financiamento Universitario, que acada o 3,8% no conxunto do fondos que o compoñen.

Evolución de orzamentos iniciais no período 2018-2025

ORZAMENTO DE INGRESOS

CAPÍTULO		2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025
III	Prezos públicos e outros ingresos	34.967.870	35.090.000	35.765.000	34.496.500	34.798.500	34.811.500	35.509.000	33.129.000
IV	Transferencias correntes	134.663.401	139.143.140	142.552.774	144.830.260	150.624.760	155.576.177	160.261.597	171.689.871
V	Ingresos patrimoniais	383.357	487.000	596.200	475.000	620.000	669.600	727.000	680.000
	CORRENTES	170.014.628	174.720.140	178.913.974	179.801.760	186.043.260	191.057.277	196.497.597	205.498.871
VI	Alleamento investimentos reais	-	1.079.340	2.850.000	2.850.000	-	-	-	-
VII	Transferencias de capital	56.649.959	63.026.200	66.970.515	77.080.540	88.918.815	96.833.322	112.346.136	119.711.658
	CAPITAL	56.649.959	64.105.540	69.820.515	79.930.540	88.918.815	96.833.322	112.346.136	119.711.658
	TOTAL NON FINANCEIRO	226.664.587	238.825.680	248.734.489	259.732.300	274.962.075	287.890.599	308.843.733	325.210.529
VII I	Activos financeiros	-	-	-	-	-	-	-	-
IX	Pasivos financeiros	5.900.000	5.847.000	5.530.000	2.730.000	-	-	5.595.200	3.126.464
	TOTAL FINANCEIRO	5.900.000	5.847.000	5.530.000	2.730.000	-	-	5.595.200	3.126.464
	TOTAL	232.564.587	244.672.680	254.264.489	262.462.300	274.962.075	287.890.599	314.438.933	328.336.993

ORZAMENTO DE GASTOS

CAPÍTULO		2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025
I	Gastos de pessoal	144.813.865	151.246.700	157.535.450	157.971.000	163.025.000	169.167.247	177.243.000	188.541.097
II	Gastos correntes	25.759.611	26.742.065	27.287.838	26.830.665	27.697.270	32.238.744	32.279.396	29.179.000
III	Gastos financeiros	400.000	490.470	565.000	550.000	625.000	795.000	825.000	775.000
IV	Transferencias correntes	1.733.580	1.733.580	2.087.496	3.768.290	3.999.625	4.299.625	4.521.505	6.129.722
	CORRENTES	172.707.056	180.212.815	187.475.784	189.119.955	195.346.895	206.500.616	214.868.900	224.624.819
V	Fondo contigencia	50.000	1.500.000	500.000	750.000	750.000	750.000	750.000	750.000
VI	Investimentos reais	55.211.425	60.122.220	62.348.705	69.492.345	76.240.180	78.014.983	87.353.365	93.936.995
VII	Transferencias de capital	-	-	-	-	-	-	-	-
	CAPITAL	55.211.425	60.122.220	62.348.705	69.492.345	76.240.180	78.014.983	87.353.365	94.686.995
	TOTAL NON FINANCEIRO	227.968.481	241.835.035	250.324.489	259.362.300	272.337.075	285.265.599	302.972.265	319.311.814
VII I	Activos financeiros	-	-	-	-	-	-	-	-
IX	Pasivos financeiros	4.596.106	2.837.645	3.940.000	3.100.000	2.625.000	2.625.000	11.466.668	9.025.179
	TOTAL FINANCEIRO	4.596.106	2.837.645	3.940.000	3.100.000	2.625.000	2.625.000	11.466.668	9.025.179
	TOTAL	232.564.587	244.672.680	254.264.489	262.462.300	274.962.075	287.890.599	314.438.933	328.336.993

Analizamos agora o incremento por capítulos de ingreso e gasto con respecto ao ano anterior.

No relativo aos ingresos, as variacións son as que se presentan a continuación:

Capítulo	2024	2025	% 2024-2025
III. Prezos públicos e outros ingresos	35.509.000	33.129.000	-6,70%
IV. Transferencias correntes	160.261.597	171.689.871	7,13%
V. Ingresos patrimoniais	727.000	680.000	-6,46%
Ingresos correntes	196.497.597	205.498.871	4,58%
VI. Alleamento de investimentos reais	-	-	-
VII. Transferencias de Capital	112.346.136	119.711.658	6,56%
Ingresos capital	112.346.136	119.711.658	6,56%
Ingresos non financeiros	308.843.733	325.210.529	5,30%
VIII. Variación activos financeiros	-	-	-
IX. Variación de pasivos financeiros	5.595.200-	3.126.464-	-44,12%
Ingresos financeiros	5.595.200	3.126.464	-44,12%
Totais	314.438.933	328.336.993	4,42%

Analizando cada capítulo pódese destacar o seguinte:

- A baixada na previsión inicial de capítulo III explícase pola minoración na recadación por prezos públicos motivada pola bonificación da matrícula de grao, esta baixada compénsase polo PGFU pero no capítulo IV, tamén pasa a contabilizarse no capítulo IV o convenio de gratuidade de matrícula da Escola Infantil Breogán. Estas dúas modificacións implican un cambio na contabilización do capítulo III ao IV de 2,47 millóns de euros. Porén prevese un incremento pola recuperación de actividade de congresos e da actividade de transferencia e prestación de servizos.
- No capítulo IV o maior incremento correspóndese co PGFU, 8,49 millóns de euros no que se inclúe tanto a previsión do incremento retributivo do 3% como a bonificación da gratuidade de matrícula. En 2025 tamén inclúese no orzamento inicial a subvención polas prazas adicionais do grao de Medicina, 1,5 millóns de euros.
- No capítulo V a baixada nas previsión débese a que non se prevé ningún rendemento por depósito bancario para 2025.
- No capítulo VII o incremento da previsión débese a que se estima unha maior captación de recursos de investigación, en especial da Axencia Estatal de Investigación, tamén experimenta un incremento o PGFU de 1,12 millóns de euros, dos cales 626 mil euros son fondos non condicionados.

- No capítulo IX a diminución débese ás comunicacións plurianuais de captación de fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, aínda que este capítulo podería verse alterado no exercicio.

Canto aos gastos, a comparativa co ano 2024 reflicte as seguintes variacións:

Capítulo	2024	2025	% 2024-2025
I. Gastos de persoal	177.243.000	188.541.097	6,37%
II. Gastos en bens correntes e servizos	32.279.396	29.179.000	-9,60%
III. Gastos financeiros	825.000	775.000	-6,06%
IV. Transferencias correntes	4.521.505	6.129.722	35,57%
Gastos correntes	214.868.901	226.924.819	4,54%
V. Fondo de continxencia e imprevistos	750.000	750.000	0,00%
VI. Investimentos reais	87.353.365	93.936.995	7,54%
Gastos de capital	87.353.365	94.686.995	8,40%
Gastos non financeiros	302.972.265	319.311.814	5,39%
VIII. Variación de activos financeiros	-	-	-
IX. Variación de pasivos financeiros	11.466.668	9.025.179	-21,29%
Gastos financeiros	11.466.668	9.025.179	-21,29%
Totais	314.438.934	328.336.933	4,42%

Por capítulos, destacamos o seguinte:

- O incremento de gasto recollido en capítulo I vén motivado por:
 - Un posible incremento retributivo para o ano 2025, un 3% sobre o conxunto de retribucións (seguindo o establecido no proxecto de orzamentos da comunidade autónoma)
 - O avance na carreira horizontal de PAS para dar cabida ao novo acordo que a desenvolve
 - A actualización dos custos sociais para dar cobertura aos incrementos nas bases de cotización e do Mecanismo de Equidade Interxeneracional,
 - As novas accións no ámbito de PDI.

Compre destacar que o incremento do conxunto de retribucións non está adecuadamente cuberto no Plan Galego de Financiamento Universitario.

- A baixada que experimenta o capítulo II por importe de 1,49 millóns de euros débese fundamentalmente ao aforro en subministracións de enerxética, o que supón unha minoración de 1,5 millóns de euros. Por outro lado o financiamento do convenio co Banco Santander, que en 2024 estaba orzamentado en capítulo II por 200 mil euros, pasa a financiar bonos comedor no capítulo IV. En sentido contrario en 2025 orzaméntase como gasto o

- seguro do estudantes, por importe de 239 mil euros, este seguro en exercicios previos tramitábase mediante formalización. Tamén se incrementa neste capítulo o importe para o mantemento de instalacións en 118 mil euros.
- No capítulo III baixada experimentada en relación ao crédito inicial de 2024, 50 mil euros, explícase tanto pola baixada dos tipos de xuros, como polo feito de que a débeda é inferior.
 - No capítulo IV as variacións mais significativas correspóndense con un incremento na previsión dos programas de mobilidade internacional, que se estima en 700 mil euros. Este incremento vese compensando coa baixa da dotación da anteriormente denominada “bolsas comedor” de residencias, que aínda que foi orzamentada en 2024 non foi executada e non se dota en 2025.
 - No capítulo VI minora o importe do convenio IGFAE, Campus Terra e Banco Santander, pero a previsión dunha maior actividade investigadora permite incrementar o total do capítulo en relación a 2024.
 - Por último no capítulo IX recóllese unha minoración de 2,4 millóns que se explica por unha menor previsión de ingresos dos fondos MRR, se ben é posible que ao longo do exercicio esta partida se vexa substancialmente alterada

Por último, recóllese o resumo das principais actuacións para o 2025:

Liña	Actuación	Dotación
As persoas	Axudas ao estudiantado en situación de vulnerabilidade [8075-3913-48000; 8010-3941-48000]	815.000 €
	O persoal [8075-3000-12251; 8075-3000-12204;8075-2400-64000]	2.700.000 €
A docencia	Impulso á promoción da vida saudable [8043-4*-28500; 8305-4401-28500]	383.000 €
	Accións de mellora docente e internacionalización [8052-1200-28000;8052-3200-22609;8052-3307-22600 – incorporación EUniWell 8052-3308-64700]	1.060.000 €
A investigación	A investigación e a súa xestión [8303-2801-64500;8051-3590-64500;8075-3501-64600; 8050-3510-64100]	3.131.000 €
Transferencia e emprendemento	Impulso da actividade de transferencia e emprendemento [8303-2801-64500]	350.000 €
Os medios necesarios	Docencia [8075-314A-63000; 8075-300A-63000]	7.881.380,65 €
	Eficiencia enerxética [Incorporación 8075-309A-63000]	1.640.457,47 €
	Extensión universitaria [8075-300A-63000]	100.000,00 €
	Investigación [8075-300A-63000]	199.062,40 €
A transformación dixital	Mantemento dos campus [8075-300A-63000]	720.000,00 €
	Transformación dixital e mellora das ferramentas de xestión [8051-3004-2**; 8051-3000-22000; 8051-3102-22700]	1.850.000 €

*Inclúe todo o funcional 4000

** Inclúe varios conceptos do capítulo 2.

II. BASES DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA PARA O 2025

A xestión do orzamento da Universidade para o exercicio 2025, tanto polo que se refire aos dereitos ou ingresos como ás obrigas ou gastos, realizarase de acordo co previsto nestas bases de execución e segundo o disposto no Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, así como polas seguintes normas:

- Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema universitario.
- Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- Real decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.
- Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. BOE núm. 103, de 30 de abril de 2012.
- Real decreto lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade. BOE núm. 168, do 14 de xullo de 2012.
- Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobada polo Decreto legislativo 1/1999, de 7 de outubro.
- Lei 2/2011, de 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Resolución do 17 de decembro de 2021, da Secretaría Xeral de Universidades, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da

Xunta de Galicia do 16 de decembro de 2021 polo que se aproba o Plan galego de financiamento universitario 2022-2026.

- Regulamento de xestión orzamentaria da USC, aprobado polo Consello de Goberno o 29 de decembro de 2020, modificado por acordo do Consello de Goberno do 22 de xullo de 2022, e do Consello Social do 28 de xullo de 2022.
- Regulamento de indemnizacións por razón do servizo, aprobado no Consello de Goberno do 29 de decembro de 2020.

O Regulamento de xestión orzamentaria da USC (en diante, o Regulamento) establece no artigo 35 a necesidade de realizar unha planificación previa das actividades precisas para a consecución dos obxectivos fixados, de forma que se garanta a execución eficiente dos créditos do orzamento no exercicio, e o cumprimento dos prazos marcados polo ciclo orzamentario.

Atendendo á premisa recollida nese artigo teranse en conta as seguintes bases normativas:

Artigo 1. Definición e contido

1. O orzamento da Universidade de Santiago de Compostela (en diante, o orzamento) constitúe a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que como máximo pode recoñecer e dos dereitos que se prevén liquidar durante o exercicio orzamentario.

2. Nos estados de ingresos do orzamento recóllense as estimacións dos dereitos recoñecidos que se prevén liquidar durante o exercicio por importe de 328.336.993 euros, distribuídos da seguinte forma:

INGRESOS

CAPÍTULO		AFECTADO	NON AFECTADO	TOTAL
III	Prezos públicos e outros ingresos	-	33.129.000	33.129.000
IV	Transferencias correntes	5.046.085	166.643.786	171.689.871
V	Ingresos patrimoniais	-	680.000	680.000
VI	Alleamentos investimentos reais	-	-	-
VII	Transferencias de capital	74.287.747	45.423.911	119.711.658
INGRESOS NON FINANCIEROS		79.333.832	245.876.697	325.210.529
VIII	Activos financeiros	-	-	-
IX	Pasivos financeiros	3.126.464	-	3.126.464
INGRESOS FINANCIEROS		3.126.464	-	3.126.464
TOTAL		82.460.296	245.876.697	328.336.993

3. Nos estados de gastos do orzamento consígnanse créditos por importe de 328.336.993 euros, distribuídos da seguinte forma:

GASTOS

CAPÍTULO		AFECTADO	NON AFECTADO	TOTAL
I	Gastos de persoal	-	188.541.097	188.541.097
II	Gastos correntes	839.835	28.339.165	29.179.000
III	Gastos financeiros	-	775.000	775.000
IV	Transferencias correntes	2.500.000	3.629.722	6.129.722
GASTOS CORRENTES		3.339.835	221.284.984	224.624.819
V	Fondo continxencia	-	750.000	750.000
VI	Investimentos reais	72.465.907	21.471.088	93.936.995
GASTOS DE CAPITAL		72.465.907	22.221.088	94.686.995
GASTO NON FINANCIERO		89.410.083	229.901.731	319.311.814
VIII	Activos financeiros	-	-	-
IX	Pasivos financeiros	6.654.554	2.370.625	9.025.179
GASTO FINANCIERO		6.654.554	2.370.625	9.025.179
TOTAL		82.460.296	245.876.697	328.336.993

4. Canto aos orzamentos dos entes instrumentais da USC ascenden a un importe total de 22.188.783,24 euros coa seguinte desagregación:

Entidade	Orzamento 2024	Orzamento 2025
Consortio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia	7.252.228,59	7.445.933,26
Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia	1.559.308,63	1.607.269,61
Fundación Dieta Atlántica	7.210,00	66.773,00
Fundación Rof Codina	2.692.571,86	2.817.900,00
Fundación Universidade de Santiago de Compostela	9.245.124,05	9.149.107,87
Cursos Internacionais USC*	1.203.258,39	1.101.799,50
Total	21.959.701,52	22.188.783,24

*Pendente de aprobación

Artigo 2. Vinculación dos créditos

1. Os créditos que figuran no orzamento de gastos asignados a centros ou unidades orgánicas terán a vinculación que se indica no artigo 23 do Regulamento, coas seguintes características adicionais:

a) Logo da aprobación da Xerencia, poderán desagregarse os créditos mantendo o nivel de vinculación necesario para ofrecer información coherente cos condicionamentos do financiamento e coas particularidades da dedución de IVE en función da natureza do gasto.

b) Os créditos destinados a gastos de persoal, terán vinculación a nivel de capítulo, agás o artigo 15 (incentivos ao rendemento e gratificacións), que mantén a súa vinculación a nivel de artigo e as partidas orzamentarias que dan soporte ás contratacións de persoal de programa temporais e acumulación de tarefas, no caso de PAS, e de substitucións por redución de docencia, incapacidade temporal e servizos especiais, no caso de PDI; estas partidas terán a vinculación definida a nivel de subconcepto. Tamén terán a vinculación a nivel de subconcepto as partidas do Plan de Persoal e Accións de Mellora de capítulo I.

Artigo 3. Modificacións e redistribucións de crédito

1. As modificacións de crédito, reguladas na sección 2ª do capítulo V do Regulamento, esixirán unha proposta motivada da variación que se efectúe e deberá valorarse a incidencia que poida ter, de ser o caso, na consecución dos obxectivos fixados no momento da aprobación do orzamento.

2. De acordo coa natureza xurídica prevista no artigo 26 do Regulamento non terán a condición de modificacións as redistribucións de crédito, autorizadas polo reitor, entendidas como as transferencias que se realicen desde as partidas que teñen a consideración de fondos para dotar de crédito ás partidas para a realización das actividades específicas que se aproben, en particular:

- Actividades singulares de I+D: proxectos, contratos, reunións científicas, convenios e infraestruturas de investigación con financiamento externo.
- Cursos posgrao propio e actividades formativas singulares.
- Cursos de verán.
- Gastos de tribunais de teses de doutoramento.
- Concursos para a provisión de prazas.
- Prácticas de campo.
- Gastos ocasionados pola cesión temporal de espazos.

3. A autorización das modificacións de crédito axustarase ao disposto no artigo 27 do Regulamento, de conformidade coas regras establecidas nos seguintes apartados.

4. Correspóndelle ao Consello Social, por proposta do Consello de Goberno, a aprobación de:

- Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito.
- As ampliacións de crédito.
- Con carácter xeral, as transferencias de crédito entre operacións correntes e operacións de capital.

Non obstante, habilítase ao reitor para que, de xeito extraordinario, poida autorizar as transferencias de crédito que se recollen nas distintas epígrafes do citado artigo 27, parágrafo 2º, do Regulamento e aquelas referidas ao suposto de transferencias propostas no primeiro trimestre do exercicio polos centros docentes entre os créditos recibidos para gastos correntes e investimentos, de conformidade co disposto no artigo 4, así como no caso de que sexa preciso atender actuacións non previstas e inaprazables.

5. A dotación do crédito aprobado para a anualidade 2025 das actividades de investigación realizarase mediante redistribucións de crédito desde as partidas de fondos que figuran nos estados de gastos, conforme o indicado no apartado 2 deste mesmo artigo, que se corresponderán coa anualidade indicada na respectiva resolución de subvención e, no caso de contratos ou servizos, co importe facturado no exercicio.

6. As dotacións específicas para a realización dos cursos de posgrao faranse de xeito análogo ao establecido no parágrafo anterior mediante distribucións de crédito desde a partida de fondos ás partidas correspondentes de cada curso, segundo a proposta do Centro de Estudos Propios.

Artigo 4. Crédito descentralizado

1. No primeiro trimestre de 2025 os centros docentes, departamentos e outros centros remitirán á Xerencia a planificación do gasto corrente e de investimento para o exercicio, que contemplará, se fora o caso, as modificacións precisas entre os capítulos de gasto corrente e investimentos.

2. As modificacións que se soliciten fóra do período e da planificación indicada na alínea anterior deberán estar suficientemente motivadas e serán autorizadas pola Xerencia.

Artigo 5. Gastos de persoal

1. As retribucións do persoal activo ao servizo da Universidade quedan suxeitas ao que, nesta materia, dispoña a normativa da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2025.

2. Poderase xerar crédito no capítulo I para gastos de persoal con motivo da prestación de servizos financiados con prezos públicos. Os gastos deste persoal, incluídas as cotas sociais, non poderán superar os ingresos. Así mesmo, poderán xerar crédito no capítulo I os ingresos derivados do financiamento por terceiros de custos da estrutura de persoal.

3. Terán a consideración de crédito ampliable os créditos para o pagamento dos conceptos de produtividade investigadora, complementos retributivos autonómicos, complementos asistenciais SERGAS e complemento asistencial Rof Codina.

4. A Xerencia determinará os gastos de persoal que deban ser cofinanciados entre distintas partidas do orzamento e emitirá as modificacións de crédito que correspondan.

5. As axudas que se destinen a financiar os seguintes gastos imputaranse con cargo á dotación que se efectúe no fondo de acción social:

a) Axudas para prezos públicos dirixidas ao persoal por servizos académicos no Sistema Universitario de Galicia

b) Medidas de apoio a traballadores que teñan ao seu cargo fillos ou fillas con discapacidade física, psíquica ou sensorial.

c) Seguros de vida, invalidez e morte.

d) Plans de pensións.

Artigo 6. Compromisos plurianuais e tramitación anticipada

1. Poderán adquirirse compromisos de gasto de carácter plurianual, aínda que a súa execución deba iniciarse no exercicio seguinte, nos tipos de gastos e coas limitacións indicadas no artigo 45 do Regulamento.

2. Os gastos plurianuais que se inicien ou que teñan vixencia no exercicio 2025 e en anos posteriores esixen a contabilización da anualidade en cadanseu exercicio, así como a súa actualización cando se produza algunha modificación respecto dos datos iniciais.

3. Poderán tramitarse anticipadamente no exercicio 2025 expedientes de gasto, con imputación no exercicio seguinte, sempre que exista crédito adecuado e suficiente nos termos e condicións previstas no artigo 46 do Regulamento.

4. En consonancia co anterior, no exercicio corrente faranse as autorizacións de crédito e os sucesivos axustes dos gastos derivados da contratación administrativa ou de persoal para os exercicios futuros, conforme sexa comunicado pola unidade administrativa correspondente.

5. Así mesmo, no exercicio 2025 actualizaranse as autorizacións de crédito polo importe dos contratos administrativos ou de persoal en vigor. O importe a consignar será o acordado para o exercicio, no caso de ser un contrato de contía

fixa, e o importe estimado, no caso de contratos de contía variable, de acordo coa información subministrada polo servizo competente.

Artigo 7. Directores e directoras de unidades de gasto

A autorización do gasto será requisito previo á súa efectividade. De non contar con ela, considerarase que o gasto non corresponde á Universidade de Santiago de Compostela, sen prexuízo das responsabilidades que se poidan derivar das actuacións realizadas.

Os responsables das unidades de gasto velarán polo estrito cumprimento do previsto no apartado anterior.

Artigo 8. Plan de Medidas Antifraude e Prevención de Riscos de Xestión da Universidade de Santiago de Compostela

O Plan de Medidas Antifraude e Prevención de Riscos de Xestión da USC será de aplicación a todas as actuacións financiadas con fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea. Así mesmo, servirá como pauta para o resto da xestión da Universidade de Santiago de Compostela.

Artigo 9. Imputación de gastos

1. Con cargo aos créditos asignados no orzamento só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, prestacións de servizos e demais gastos en xeral que se realicen no ano natural 2025.
2. O xerente, por delegación do reitor, poderá determinar por proposta do director ou directora da unidade de gasto correspondente, a imputación a créditos do exercicio corrente de obrigas xeradas en exercicios anteriores como consecuencia de compromisos adquiridos de conformidade co ordenamento, para os que existise crédito dispoñible no exercicio de procedencia.
3. Imputaranse ao exercicio corrente sen o trámite establecido no parágrafo anterior a facturación por cargos internos, os documentos de gasto pagados con cargo á conta de anticipos a xustificar correspondentes a exercicios anteriores e as indemnizacións por razón do servizo pendentes ao peche dese exercicio, por non existir obriga con terceiros e estar só pendente de contabilización ou tratarse de gastos de persoal.

Artigo 10. Remanentes de crédito

1. De conformidade co establecido no artigo 33 do Regulamento, procederase á anulación daqueles créditos que no último día do exercicio orzamentario non estean comprometidos para o cumprimento de obrigas recoñecidas, salvo os supostos de incorporación previstos no parágrafo 2º dese mesmo artigo, que se refiren a gastos con financiamento afectado e á aprobación de programas propios plurianuais.

2. Poderán non obstante incorporarse adicionalmente os créditos mencionados no artigo 33.3 do Regulamento, de acordo coa posibilidade de financiamento a través do remanente non afectado de tesouraría.

3. A incorporación dos remanentes de crédito deberá ser autorizada polo reitor, e darase conta ao Consello de Goberno e ao Consello Social dos expedientes aprobados.

4. Os remanentes incorporados segundo o previsto neste artigo unicamente poderán ser aplicados dentro do exercicio no que se acorde esta incorporación.

Artigo 11. *Fondo de continxencia e outros imprevistos*

1. O crédito habilitado no capítulo V de gasto terá como finalidades prioritarias as seguintes:

- Necesidades sobrevidas e inaprazables que comprometan o normal desenvolvemento das funcións da USC, sempre que non exista un crédito específico para atendelas.

- Posibles diminucións de financiamento para gastos producidos por diferenzas na aceptación de xustificacións de subvencións.

- Custos financeiros derivados de reintegros de cantidades percibidas ou a devolver.

- Custes derivados da execución de sentenzas xudiciais.

- Circunstancias temporais de insuficiencia de recursos en programas de I+D+i.

2. Correspóndelle á Xerencia a xestión deste fondo, quen dará conta da aplicación da súa dotación ao Consello de Goberno e ao Consello Social.

3. O remanente de crédito ao final do exercicio non poderá ser obxecto de incorporación ao seguinte exercicio.

Artigo 12. *Contratación administrativa*

1. A contratación administrativa na Universidade de Santiago de Compostela realizarase de conformidade coa Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e consonte o disposto nas instrucións da Xerencia vixentes. A unidade administrativa encargada de asesorar, impulsar e xestionar a contratación administrativa na USC é o Servizo de Contratación e Patrimonio, que depende da Xerencia.

2. De acordo co previsto no artigo 118 da citada Lei, a tramitación dos expediente relativos a contratos menores reducirase aos requisitos e á documentación prevista nese artigo. Non obstante, salvo autorización expresa da Xerencia, será esixible a solicitude de tres ofertas para contratos que superen os 12.000 euros no caso de servizos e subministracións, e 25.000 euros no caso de obras.

Artigo 13. *Responsables dos contratos*

1. Terán a condición de responsables dos contratos os directores ou directoras das unidades de gasto, ou ben aquelas persoas responsables das unidades técnicas ou administrativas que propoñan a súa licitación.

2. Corresponderán ás persoas responsables dos contratos as seguintes funcións en relación cos expedientes de contratación que promovan:

a) Xustificar, mediante un informe, a necesidade de celebración do contrato, así como tramitar a correspondente proposta de gasto, que deberá estar asinada e contabilizada pola persoa responsable da unidade económica.

b) Confeccionar o anexo I do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

c) Elaborar o prego de prescricións técnicas.

d) Nos contratos que se liciten por procedemento con negociación, colaborar co Servizo de Contratación e Patrimonio na solicitude formal de ofertas aos licitadores, e desenvolver o proceso de negociación de acordo cos criterios que figuren no anexo I do PCAP.

e) Supervisar a execución do contrato e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a correcta realización da prestación pactada.

f) Asinar as facturas correspondentes unha vez recibidas de conformidade, todas ou parte das obras, subministracións ou servizos contratados.

g) Asinar a acta de recepción, unha vez comprobado que a obra, subministración ou servizo contratado está rematada definitiva e correctamente.

h) Por en coñecemento do Servizo de Contratación e Patrimonio calquera incidencia que se produza durante o período de garantía do contrato.

3. Nos contratos de obras, a persoa responsable do contrato será, con carácter xeral, o director facultativo da obra.

4. As persoas responsables dos contratos de servizos que afecten con carácter xeral a varios centros, servizos e dependencias da Universidade, articularán un procedemento que permita o control e seguimento descentralizado do cumprimento das prestacións contratadas.

Artigo 14. *Supervisión dos proxectos de obras*

A función de supervisión dos proxectos de obras que vaia executar a Universidade realizarase por unha unidade de supervisión de proxectos, constituída inicialmente por unha persoa da Área de Infraestruturas con habilitación para a supervisión da viabilidade técnica dos proxectos designada pola Xerencia, e por unha persoa do Servizo de Control Interno, sen prexuízo do apoio técnico que sexa requirido para o normal desenvolvemento das súas funcións. Esta unidade será a encargada de vixiar o cumprimento das normas técnicas reguladoras da materia e do control dos aspectos económicos e de comprobación aritmética deles.

Artigo 15. *Control de terceiros*

1. Será esixible a xustificación documental do cumprimento dos requisitos de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica ás empresas, entidades e profesionais para seren adxudicatarios de contratos coa USC. Este requisito será substituído polo da clasificación, cando esta sexa esixible conforme o disposto na Lei 9/2017.

2. Así mesmo, deberán acreditar estaren ao día no cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, e non

estaren incursos en ningunha das prohibicións de contratar previstas na lexislación de contratos públicos.

3. A USC poderá requirir a subscrición dunha póliza de responsabilidade civil por riscos profesionais cando se trate de empresas que exerzan actividades de prestación de servizos e, de ser o caso, aqueloutra documentación que xustifique estar en posesión das licencias ou autorizacións oficiais que sexan preceptivas para operar no sector de actividade de que se trate, e que veña esixida polas normas específicas que o regulen.

4. O incumprimento por parte destes empresarios dos requirimentos que se lles efectúe polos servizos competentes da Universidade, en relación coa xustificación das obrigas establecidas nos parágrafos anteriores, poderá dar lugar á apertura dun expediente contradictorio que, de ser o caso, poderá concluír coa elevación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma e/ou do Estado, dunha proposta de incursión en prohibición de contratar coa administración.

Artigo 16. Responsabilidades das autoridades e do persoal ao servizo da USC en materia de contratación

1. A responsabilidade patrimonial das autoridades e do persoal ao servizo da Universidade derivada das súas actuacións irregulares en materia de contratación administrativa, tanto por danos causados a particulares como á propia Universidade, esixirase segundo o disposto nos artigos 36 e 37 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

2. A infracción ou aplicación indebida por parte do persoal ao servizo da USC dos preceptos contidos na vixente lexislación de contratos do sector público, así como na aplicación das presentes bases, será causa de responsabilidade disciplinaria cando exista negligencia grave debidamente probada, podendo constituír falta moi grave consonte á normativa aplicable.

Artigo 17. Tarifas

Corresponde ao Consello Social a aprobación das tarifas que a Universidade aplique pola prestación de servizos, por proposta da Xerencia, acompañada dunha memoria económico-financeira que xustifique o importe das mesmas así como o grao de cobertura dos custos correspondentes.

As tarifas que se publiquen nos respectivos servizos deberán incorporar a referencia da data de aprobación polo Consello Social.

Artigo 18. Indemnizacións por razón do servizo

1. O Regulamento de Indemnizacións por razón do servizo, aprobado polo Consello de Goberno da USC o 29 de decembro de 2020, establece os supostos que dan dereito a abonar contías por estes conceptos con cargo ao orzamento da USC.

Para o aloxamento nas cidades de Santiago de Compostela e Lugo, darase prioridade ás residencias universitarias propias e á Casa Europa. A Xerencia pode esixir a acreditación da non dispoñibilidade de praza nas citadas dependencias para autorizar a tramitación do gasto ou a reposición de fondos.

2. O artigo 9.6 do Regulamento citado prevé que, en determinadas circunstancias, poderá elevarse o importe por aloxamento ata un 50% con respecto ao importe establecido. Para a xustificación dese incremento requirirase:

- Un informe da persoa que exerza a dirección da unidade de gasto, para incrementos de ata un 10%.
- Documentación acreditativa da imposibilidade de contratación por importe inferior para incrementos superiores ao 10%.

Permitirase a imputación do gasto por aloxamento con aplicación dos anteriores incrementos porcentuais, sempre e cando estea correctamente xustificado o dito incremento e sexa considerado como elixible por parte dos organismos financiadores para os casos de créditos afectados.

3. O pagamento das axudas de custo e locomoción terá carácter preferente.

Artigo 19. Normas en relación con gastos por atencións protocolarias, formación e outros

1. Os gastos de atencións protocolarias deben ir acompañados dunha motivación suficiente, sen prexuízo do cumprimento dos requisitos previstos para a xustificación de fondos ás entidades financiadoras.

2. En canto ás cotas por pertenza á asociacións só poderá imputarse ao orzamento da USC o gasto correspondente a cotas a título particular cando se acredite que non existe a opción de cota institucional, sen prexuízo do cumprimento dos requisitos previstos para a xustificación de fondos ás entidades financiadoras.

3. Os gastos que se abonen con cargo aos orzamentos da USC deben responder á satisfacción de necesidades públicas. En consecuencia, non se poderán pagar con cargo a partidas do orzamento da USC gastos de formación individual en cursos de verán, cursos básicos de informática, idiomas e similares.

Non obstante, poderase autorizar a imputación do gasto de formación individual nunha materia específica cando esa formación sexa necesaria para o desempeño do posto na USC. Así mesmo, poderán autorizarse este tipo de gastos en cursos de idiomas sempre e cando sexan impartidos ou xestionados polo CLM.

4. Nas retribucións correspondentes a conferencias cando se superen os 500 euros será precisa a conformidade do reitor ou órgano no que teña delegada a competencia.

5. O pagamento de retribucións por colaboracións ao Persoal de administración e servizos será autorizado pola Xerencia de conformidade coa normativa aplicable.

6. A compra de libros electrónicos con cargo ao orzamento da USC non poden limitarse a un uso unipersoal, senón que os contidos deben ser accesibles de acordo cos criterios da Biblioteca Universitaria.

Artigo 20. Gastos contratados no comercio electrónico

1. Só poderán realizarse compras de material funxible ou inventariable mediante comercio electrónico cando o provedor emita unha factura cuxo destinatario sexa a Universidade e inclúa os seus datos fiscais (NIF Q1518001A; enderezo fiscal: Rúa Nova, 6. 15782 Santiago de Compostela)

O pagamento pode facerse con tarxeta persoal sempre que se cumpran os demais requisitos e o gasto estea autorizado por quen proceda.

2. No suposto de gastos en transporte público tramitados a través de comercio electrónico non será necesaria a factura dirixida á Universidade, indicada no apartado anterior, servindo de xustificante para a axuda de custo e locomoción para a contratación de billetes de avión, tren ou outro medio de transporte público. A documentación xustificativa deste gasto será a confirmación de reserva na que se indique a contía, a tarxeta de embarque, e a xustificación de ter realizado o pagamento.

3. De acordo coa política de fomento da contratación pública con pequenas e medianas empresas (Pemes), presente tanto nas directivas de contratación pública comunitarias como na lexislación de contratos vixente, incentivarase na medida do posible o número de ofertas recibidas por parte de operadores económicos que reúnan tal condición.

Artigo 21. Ingresos para a compensación de custos indirectos

1. Os ingresos para a compensación dos custos indirectos serán os establecidos no anexo H dos orzamentos. A porcentaxe mínima a aplicar sobre a base imponible das actividades será do 15% para as actividades non incluídas no anexo.

2. O único límite á aplicación dos custos indirectos será o establecido polas entidades financiadoras sobre a elixibilidade ou non dos mesmos.

3. Por resolución reitoral poderanse aprobar porcentaxes bonificadas de ingresos por custos indirectos para actividades que, polo seu carácter estratéxico ou por motivos de interese público, se aliñen cos obxectivos e fins da Institución.

Artigo 22. Retribucións pola docencia en estudos propios

1. Para os efectos previstos no artigo 16.5 do regulamento do Centro de Estudos Propios, establécense as seguintes retribucións máximas:

- Por hora de docencia: 150 euros.

- Por hora de dirección ou coordinación de estudos propios: 90 euros.

2. Así mesmo, establécense como límite máximos globais a percibir anualmente os seguintes:

- 12.000 euros por actividade docente.

- 7.500 euros por dirección ou coordinación.

A suma das retribucións obtidas por actividade docente e por dirección ou coordinación non superará os 15.000 euros.

